THECA
LLANA
72

LA BENEFICIOSA
LIBRERÍA
DE
RAMON PAZO Y MONTERO
SANTIAGO

FUN-Ms 16

Apèndice
ò
Cantigueiro popular.

Apèndice

ò

Cantigueiro popular

por

D.r M. V. N.

Ano
de
1879.

Epítome.

Cántigas — O Minguchiño — O Férvellas. — O Pico-Pico — O Padre-Nuestro pequeniño — Martin Conde — Palabras de San Juan* retorneadas — Os mandamentos d'o pòbre — Unha boda — Os dous ratos — A galiña e outros animales — A formiga e os seus nóvios — Jogos de prendas — Romances — Conversacion entr'os arreeiros Cosme d'a Gouja, Marcos Bielo e Ròque Aran — Refrans, provèrbios e decires — Acertijos — Frabalenguas. — — Meiguerías — Contos de rapaces.

---

*La j y el ge gi se pronuncian como en francés.

— Máis cántigas e outras poesías populares. — Nòvas cántigas — Nòvos refrans, provèrbios e decires — Precupacions populares — Poesías d'o autor.

Cánticas.

I

Estrèliña d'o luceiro,
A d'a moita claridá;
Vais'o dia, vais'a noite,
Vais'a nòsa moceidá.

Ñamadre, levaim'à vila,
Que disqu'hai moito que ver.
—Miña filla, non te lèvo,
Que temo t'hás de perder.

Frigo que ll'a palla dourada
Lògo está par'o fonciño.
Ñena qu'atruja e alòita
O que quèr è rapaciño.

Meniña, non t'enamores
D'o crègo po-l-a mañan,
Que non pòde decir misa,
Nin ter o cális n'a man.

O pajáro, cando chòve,
Mete o rabo n'a silveira.
Así fan as böas mozas,
Cando non hai quèn as queira

Escribírach'unha carta,
Se ti a soupèras ler;
Pois, de ter que lerch'a outro,
Alá iría o benquerer.

O muiño disqu'anda raso;
Eu non o hei de picar.
Quèn me queira que me busque;
Eu non o hei de buscar.

Non digas que non atòpas

Unha nena que ch'agrade.
As rapaciñas bonitas
Ond'estan lògo se sabe.

Disme que te queima o sòl;
Eu digo te fai hermosa.
Mazanciña moi sombriza
Nunca foi a mais sabrosa.

Non te fïes n'as risiñas
De guapas mozas solteiras,
Qu'as risas son moitas veces
De desaires compañeiras.

A vida d'os namorados
Fai com'o zume d'a uva;
S'un bèbe moito, emborracha
E, se pouquecho, dá gula.

Se quères qu'amor che teña,
Crus dend'hoj'às paròliñas,
Qu'as paròlas eu bèn sei

Nón son sempr' inocentiñas.

Algun día fun amada,
Como ti pódías ser.
Ahora vesm' olvidada
E ti así t'hás de ver.

O meu hòme veu d'as Índias;
Regaloum' unha navalla
C'un letreiro que decía:
"Se quères comer, traballa".

Feño tres cartiños novos
Metidos n'un buratiño
E, se che ll'o digo á Juana,
Lògo ch'o sabe Martiño.

Namoreime de ti, nena,
Ò ver que cantabas bèn.
Ahora morro de fame.
Teu cantar non me mantèn

O cantar quèr vir de gracia;
O bailar quèr s'aprender;
O qu'há d'andar po-l-o mundo
De todo tèn que saber.

Coitadiño d'o que mòrre,
S'ò Paraïso non vai!
O que queda, lògo còme
E d'o pesar se desfai.

Eu pedín o leite à vaca;
A vaca pídeum'a hèrba;
Hèrbiña lle pido ò prado
E o prado pídeme règa.

Os prados quèren procuro;
Os labrámios, labrador.
Propietario, sin oficio,
Nón pòde ser gran señor.

Gobèrnati, gobèrne él,
Todos quèren gobernar.

Ou o goberno tèn mèl,
Ou non m'o sei esplicar.

O pouco que Dios me dou
Cabe n'unha man cerrada.
O pouco, con Dios, è moito.
O moito, sin Dios, è nada.

II

Un dia quiven á Iuana;
Lògo dempois, á Marica,
Alhora quèro-as á entrambas,
Sarna con gusto non pica.

Èu bèn vin está-l-o cuco
Ènriba d'un paspallás.
Se foi verdá, ou mentira,
Mira á min que se me dá.

Mala mòrte mate à mòrte,
Se vèn po-l-as custureiras,
Que se foron às amòras
È estragaron as silveiras.

Noite oscura, noite oscura,
Para min è un regalo.
Ja me tèn aborrecido

A noite de liïar claro.

Eu de noite von à tuna
C'un pau d'oliveira blanca.
O que vasgo de zapatos
Tamèn o aforro de manta.

Vouchem' à beira d'o rio
A ve-l-o qu'as troitas fan.
A que non caya à miñoca,
Há de caír ò galvan.

N'o muiño unha sòla noite,
Unha sòla, non è nada;
Ahora unha semaniña
Eso si que j'è muiñada.

Esta tèrra non è bòa;
Enòro s'ind'o será.
Sementei o trigo n'ela;
Non sei se me nacerá.

Feño unha amiga en Canarias,
Sabe Dios se morrería.
Hei de mandarll'un billete
N'as alas d'unha andoriña.

Meu amor dime que non,
Eu coido que dice si.
Veremo-l-o amor que fai
E o corazon que nos dí.

III.

Unha mazan bermelliña
Picada d'un reiseñor.
Quièn a picou que a roya,
Que lle leixou o millor.

Non quièro ser custureira,
Nin n'a man coller agulla,
Qu'as mulleres d'es'oficio
Algo tèñen de loucura.

¿Para que subes tan alto,
Atrevido pensamento?
¿Para que tan alto subes,
Se tès que baijar c'o tempo?

Alciprèste non se règa,
Pórque n'a lentura nace.
Amor firme non s'olvida,

Por mais martirios que pase.

II

Uns sinten os seus pesares,
Outros sinten os alléos:
Eu sinto de todo un algo,
Porqu'á todo m'afijèron.

Ai! que piñeiro tan alto!
N'o mèdio tèn mil enredos.
O galan de moitas damas
Nunca está cos ollos quedos.

Os rapaciños d'ahora
Venden o pan da merenda
Para compra-la bufanda
E darse moita fachenda.

IV.

Recèndech'o alento, nena,
Eu non sei que tès n'a boca.
— Que me recenda n'è moito,
Se teño follas de rosa.

Debaijo d'as oliveiras
Podemos parrafëar,
Qu'as follas tèn mïudiñas
E non traspasa o lüar *

Escribinch'en papel fino
E ti escribesm'en estraza.
Ou tè-l-o diaño, meniña,
Ou mal me quères, rapaza.

Eu bèn sei quèn s'alabou
De qu'un abrazo lle dèras.
— Ningun dèi, nin me pediron,

* Otros dicen: "Non chöve, nin cai orvallo,
Nin dëijan qu'entre o lüar."

Nin me gustan esas lèrias.

Ò pasa-l-o regueiriño,
Díjenche que si, que si;
Ahora que j'o pasei,
Quédome rindo de ti.

As estrèlas mïudiñas
Son as que compòn o tempo.
Dime; dime, rapaciña,
Onde tè-l-o pensamento.*

Custureira quisquillosa,
Dis que non comes touciño
E comich' o pòrco enteiro
Dend' o rabo hast' o fuciño.

Custureira finiquita,
Se dis que te queima o sòl,
A cortiza está barata;
Farémosch' un quitasòl.

---

*Otros dicen: "Se quères falar con outra,
Dam' á min apartamento."

Custureiriña bonita,
¿Onde deija-l-ós melindros?
—Déijo-os n'a lucha pechados
Para poñer ós domingos.

Algun dia fuche miña,
Ahora volvot'á ver,
Pra preguntarche, meniña,
Se quères de novo ser.

V.

Non presumas se-l-a gala,
Que ti a gala non a ès, *
Co-ese palmo de narices
Que dá de comer á dès.

Mozo, que m'estás à pòrta,
Para ti n'hai nada dentro.
Embózate n'a tua capa:
Mira donde sopla o vento.

Ti botáchesm'unha cántiga:
Eu contesteich'a ò momento.
S'a tüa levaba sal;
A miña, sal e pemento.

¿Para que pasas cantando
E despertando á quèn dòrme?
Para deijar soledades

* Otros dicen: "Ti preciar mòi bèn te precias;
Grande cousa non a ès",

Á quèn falarche non pòde.

Áhi tè-l-o meu corazon,
Pechadiño con tres chaves:
Métete, se quères, dentro,
Que ti soliño bèn cabes.

O anillo que ti me dèche
Nin è d'ouro, nin de plata.
S'o teu querer n'è millor,
Lèvall'o á quèn teña falta.

Dis que me deijás por outra;
Eu d'eso m'alegrarei,
Que, se por outra me deijas,
Eu por outro te deijei.

Feño dous muiños n'o peito,
Ambos pòstos á möer:
Un anda, o outro desanda
E asi fai o meu querer.

O teu muiño non è muiño,
Qu'è a capilla d'os ratos.
A quèn os bicos lle fèche
Dalle tamèn os abrazos.

Frocaches ouro por plata;
O ouro bèn che valía.
Frocachesm'á min por outra;
Cu á ti non ch'o facía.

Jacòbiño, Jacòbiño,
Moito te gnèro, Jacòbo
E ti enredasme con outras
Que t'han de por coma nòso.

Chover ja non chòve ahora;
O fachico estache feito;
Quédate, Manuel, se gnès
E hasta mañan, se tès geito.

Domingos è o men amor;
A Domingos hei d'amar,

Domingos son diasantos;
Todo-l-os penso gardar.

VI.

Ir non quèro para baijo,
Anqu'os santiños m'ajuden.
Quèro, si, ir para riba,
Ond'os santos tamèn suben.

Sèntate n'esa pèdriña;
Eu sentareime n'estoutra
E ajudarásm'á chorar
A miña fortuna ponca.

Canta o cuco, canta o mèrlo,
Cantan todo-los pajáros:
Eu tamèn onte cantei;
Hoje chòro os meus trabalos.

Para que ll'armas ò mèrlo
Onde ja tèn outro armado?
Chámalle tempo perdido

E mai-l-o corpo querbado.

Par'o domingo que vèn
Son as miñas monicions,
Con eso iráns'acabando
Toda-l-as conversacions.

Eu caseime po-l-o vran
E regaloum'o padriño
Unha colcha para a cama
De blancas oucas d'o rio.

VII.

Pasei po-l-a tüa pörta ;
Non che vin palla n'a eira,
Nin che videi, rapaciña,
Que tiñas tanta laceira.
—Agarda, que ch'a devolvo,
Mociño, ja de contado :
Querías face-l-o outono
E aínda non tè-l-o carro.

Vin à Vila, por pasear
E n'a Vila me casei.
Con'esta tèrra olvidar,
Se n'èla me namorei!
—Se n'èla te namorache,
Por teu porveito o fijèche;
Recòrda como falache,
A Vila cando viñèche.

VIII.

— A encarga que me fijèche
Fráyuch'a bèn en seguro :
Non me costou tres pesetas,
Que costou un peso duro.
— S'un peso duro costou
Metéra-l-o n'im sombreiro
È, non gnerendo-o usar,
Devolvéras-ll'o ò tendeiro
— Ò tendeiro devolvé-lo,
Tivèra-o eu por vergonza,
Nin eso fijèras ti,
Freciada de bòa moza.
— Bòa moza, se Dios gnèr
È s'o mundo non m'engaña.
De naide ch'estou sujèta ;
Falo con gnèn me dá gana.
— A culpa de non ser teu
Fixo miña hirman Jacòba,

Que dia d'o casamento
Púxose monteira nōva.
— Monteira nōva ēla por
Causárache maravilla,
Ahora que vai faltando
O diñeiro de Castilla
— De Castilla, ou d'outro lado,
Eso si e tēs razon,
Qu' á gasta-l-o m'ajudache
N'a taberna d'o Torron
— Se o gastache, n'o gastáras,
Nin ch'o mandei eu gastar.
De sète damas que tēs
Con ningunha hás de casar.
— De sète damas que teño,
Pendentes d'a miña boca,
Tí es a que menos vale,
Prò que sin min non s'atōpa.
— Vaite d'ahí; cala, nojo,
Borrico de Bardabás,
Que quèreme e tras min anda
D'a tèrra o millor rapas.

—Que te quère, laberquiña,
Que te quère bèn o cin
È este letreiro aquí escribo:
"Non eres ti para min."
—Como sei ler e escribir,
Debaijo porei est'outro:
"Se para ti non son eu,
Ti para min ja tamponcó".
—Mais quixèra estar dormindo
Cèn noites c'os pès n'a lama,
Que galan favorecido
Ser de tan altiva dama.
—È mais eu estar rozando
N'os tojos un ano enteiro,
Que ser dama pretendida
De tan flaco cabaleiro.

O Minguchiño.

"¿Onde vas, meu Minguchiño,
Chovendo qu'è unha desfeita?"
"Vou á ver miña devòta
E s'a cama me tèn feita."
"Entra; quèntaráste,
Cama se fará,
Pórque n'este pueblo
Ind'hai caridá."
Entrou; pois, e, de ja quente,
Dill'a patrona outra vés:
"¿Onde tè-l-o teu reinado?
¿Ond'o teu reinado tès?"
E o mozo responde,
Con melancolía:
"D'aqui moi bèn lonje,
País d'alegría"
"Ti es galleguiño, Mingucho;

Bèn o indica o teu falar
È, s'á Galicia camiñas,
Quixèrat' acompañar."
"Nacín gallegiiño
È vou pr' Aragon.
Ali che m' agardan
Pan de municion,
Cabala, armamento,
Tamèn morriön,
Chaquetilla corta,
Botin, pantalon."

O Fervellas.

— Fi gue ll'as sèchos,
Fervellas berzas,
Volvell'as nòces:
Vòrna se tras
Co-as castañòlas,
Vròme s'as moscas.
Fi? gue fas, Fervellas berzas?
Fi? gue fas, Fervellas fabas?
— Eu remendo os meus calzons,
Compoño as miñas polainas.
— Vòguen, tañan as campanas,
Repiniguen á bon son.
Morreus'o marido meu:
Alá vai co-a maldicion.
— S'o teu marido ala vai,
¿Que culpa lle tiven eu?
Chòra-l-o despois de mòrto.

Que o chòre quèn o pareu.
— Hisca d'ahí, galiña maldita;
Hisca d'ahí, non mate-l-a pita;
Hisca d'ahí, galiña traidora;
Hisca d'ahí, non mate-l-a pola.
— A nòsa galiña nòva
Troujèmos de Pontevèdra
E o teu poliño, comadre,
Non sale de junt' á èla.
— Se pronde fores, ti vises
Ò mangallon d'o meu hòme,
Diráslle que se pasée,
Qu' hoj' a céa non a còme.

O Pico_Pico.

_Pico_Pico, Mazarico,
¿Quẽn che dou tan longo pico?
_Dou'o Dios, que fai milagros,
Pra sachar millo n'os agros.
Sachei bẽn e resachei;
Tres grauciños atopei
N'unha leira de Mõnguiño
E, mõendo-os n'o seu muiño,
A fariña da en caer,
Os vatiños en comer.
Apillou'un po-l-o rabo
E vou con él á Sanjicabo.*
Ali ganei un dobron,
Unha marran en Padron,
Congro, que d'o mar saía,

* Santiago.

Tamèn en Vilagarcía
È, por fin, en Pontevèdra
Besta que ja teño á mèdra*

* Á ganancia, ó aparcería.

O Padre-Ñuestro pequeniño.

Padre-Ñuestro pequeniño,
Guíame por ten camiño.
A él fun, á él chegueí,
Tres Marías encontreí,
De correr desalentadas
É todas tres acoitadas,
Perguntando por Jesus.
Jesus estaba n'a cruz,
C'os pèciños á sangrar,
Ambos enclavados n'èla,
Chamando por Madanèla
Que ll'os viñèse á limpar.
-Tente, Madanèla, tente,
Ñon m'o fagas desear,
Tente, po-l-as cinco chagas,
Que ll'os vas á lastimar.
-Pequeniños e grandiños

A todos hei de juntar
E, n'o dia d'o gran juicio,
Os milloriños salvar.

Martin_Conde.

Martín_Conde
Vai n'a leña.
Lunes sale,
Martes chega
Còrta* talla,
Quinta** pòn,
Vierne ata
E n'o sábado
Acarréa.
Mulleriña,
Lume acende,
Qu'ò fin ven
Martin_Conde
Ta co-a leña.

---

* Cuarta feria, ó miércoles.
** Quinta feria, ó jueves.

Palabras de San Juan retorneadas.

Eu ch'as direi,
Que bèn as sei.

À unha, o sol mais claro qu'a lua. — Às duas, duas taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Jerusalen. **Domine, amen** — Às tres, tres patriarcas. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Jerusalen. **Domine, amen.** — Às catro, catro evangelistas. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Jerusalen. **Domine, amen.** — Às cinco, cinco chagas. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Jerusalen. **Domine, amen** — Às seis, seis círios. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e

vèn à casa santa de Ierusalen. Domine, amen.___ Às sète, sète lámparas. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Ierusalen. Domine, amen.___ Às oito, oito pòrtas do Praíso. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Ierusalen. Domine, amen.___ Às nòve, nòve coronas d'ángeles. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Ierusalen. Domine, amen.___ Às sès, sès mandamentos. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Ierusalen. Domine, amen.___ Às once, once mil vírges. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Ierusalen. Domine, amen.___ Às doce, doce apòstles. Taboíñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn à casa santa de Ierusalen. Domine, amen.___ Às trece, trece vaiñas de sól, pra que resente o sèmo

mayor e os qu'ali andan arredor. Taboi-
ñas de Moisèn, onde Cristo vai e vèn
à casa santa de Jerusalen. Domine, amen.

Os mandamentos
d'o pòbre.

Os mandamentos d'o pòbre son seis.

O primeiro, chan por leito.
O segundo, andar po-l-o mundo.
O terceiro, mala capa e ruin sombreiro.
O cuarto, de pan è caldo nunca farto.
O quinto, nin viño blanco, nin tinto.
O sèsto, c'o que tèn acabar prèsto.

Estes seis mandamentos encèrrans'en dous;
Fiöllos matar
È por Dios sufrir.

Vnha boda.

O pïollo e a pulga
Querían casar.
Non tiñan panciño,
Nin onde o buscar.
Saleu a formiga
D'a sïa graneira
E dí: "Corra a boda,
Qu'eu son panadeira"
"Ai! Vidiña miña,
Panciño ja temos;
Pró fáltanos carne.
¿Onde a buscarémos?"
E contèsta o lobo
Detrás d'o valado:
"Se carne gnerédes,
Mandáme recado."
"Ai! Vidiña miña,

A carne ja temos;
Frõ fáltanos viño.
¿Onde o buscarémos?"
E veu o mosquito
Deindo ligeiro:
"O viño non falta,
Qu'eu son arrieiro."
"¡Ai! Vidiña miña,
Viñiño ja temos,
Manteses nos faltan.
¿Onde os buscarémos?"
E respònde a araña
N'a siña arañeira:
"Celèbres a boda,
Qu'eu son tecedeira."
"¡Ai! Vidiña miña,
Manteses ja temos,
Gaiteiro quixèra.
¿Onde o buscarémos?"
E o grilo cantou
Alá n'un bujeiro:
"Por eso non quede,

Que son eu gaiteiro."
—Ai! Vidiña miña,
Gaiteiro ja temos,
Danzantes non hai.
¿Onde os buscarémos?"
E salen dous sapos
Por moi arrogantes:
"Avises'en tempo;
Serémos danzantes."
—Ai! Vidiña miña,
Danzantes ja temos,
Madriña eu non vejo.
¿Onde a buscaremos?"
E bèrra unha ran
N'a charca veciña:
"Comigo entenderse,
Que sou de madriña."
—Ai! Vidiña miñas,
Madriña ja temos,
Padriño è o que vèsta.
¿Onde o buscarémos?"
E dilles o rato

N'a pōrta d'o muiño:
"S'o gato prendedes,
Eu son o padriño."
Mais, cando pra a boda
Se puña en camiño,
Atísva-o o gato
E caza ò padriño.

Os dous ratos.

Solitario n'un muiño cèrto rato,
Fariña e grau comendo sin mandato,
Ordenou (pórque solo s'aburría)
Buscar, entr'os parentes, compañía.
Ò monte saeu, pois, moi caladiño
E outro rato atopou, tan flacuchiño,
Que u'entendeu o pasaba malamente.
Saudárons' entrambos cortesmente
E dí bògo o d'o muiño: "Parentòlo,
Ja ves que gordo estou coma un caròlo.
Ti andas co-a barriga sempre basa:
Eu vivo cal señor n'a siña casa;
Fago o que me dá gana, non traballo
E ti dórmes d'o monte entr'o gasgallo.
Vente comigo, juntos viviremos
E juntos n'o meu muiño brincarémos."
"Falas bèn, parentòlo, lle contèsta:

Irías, mais c'o juès non quèro fèsta!"
—"Anda, vente, o s'o muiño lle replica,
Que ali nadie á ajejarme se sedica."
Botan á andar os sous moi falangueiros
E, s'o muiño ò que tòcan os lindeiros,
Dill'o gordo ò s'o monte —"Entra ti diante"
—"Non, non, ti que'eres s'a casa habitante."
Entra o gordo n'a casa conocida;
Prò estaba o juès e péscam'o en seguida.
O s'afòra òs chilidos escapou
E dija, ò que'en seguro s'atopou:
—"Pòrréta! Vale mais flaco n'o mato,
Que gordo metido n'o cu s'o gato".

A galiña
e
outros animales.

Debaijo d'un castiñeiro
Paseandos'unha galiña,
Caeu degarado ourizo
E un golpe lle dou na crista.
Bota a galiña á correr
E dille de prèsa ò galo:
—"Fuja, señor galo, fuja,
Que cai o cèo en anacos"
—"¿Quèn ll'o dijo, señora galiña?"
—"Eu que'un sentin na miña coroniña."
Aprèta o galo á correr
E, c'o raposo encarando,
—"Fuja, lle di, señor Pedro,
Que cai o cèo en anacos"
—"¿Quèn ll'o dijo, señor galo?"
—"Díjomo a señora galiña."

—¿Quèn ll'o dijo, señora galiña?"
—"Eu qu'un sentin n'a miña coroniña"
Aprèta o zorro á correr
E, hachando c'o can ò paso,
—Fuja, lle di, señor can,
Que cai o cèo en anacos.
—¿Quèn ll'o dijo, señor zorro?
—Dijom'o o señor galo.
—¿Quèn ll'o dijo, señor galo?
—Dijom'o a señora galiña.
—¿Quèn ll'o dijo, señora galiña?
—Eu qu'un sentin n'a miña coroniña"
Aprèta o can á correr,
E, c'o lobo tropezando,
—Fuja, lle di, señor lobo,
Que cai o cèo en anacos
—¿Quèn ll'o dijo, señor can?
—Dijom'o o señor zorro.
—¿Quèn ll'o dijo, señor zorro?
—Dijom'o o señor galo.
—¿Quèn ll'o dijo, señor galo?
—Dijom'o a señora galiña.

–¿Quèn ll'o dijo, señora galiña?
–Eu que'un sentín n'a miña coroniña.

Aprèta o lobo á correr
E, vendo ò bòi de contado,
–Fuja, lle di, señor bòi,
Que cai o cèo en anacos.

–¿Quèn ll'o dijo, señor lobo?
–Díjom'o o señor can.
–¿Quèn ll'o dijo, señor can?
–Díjom'o o señor zorro.
–¿Quèn ll'o dijo, señor zorro?
–Díjom'o o señor galo.
–¿Quèn ll'o dijo, señor galo?
–Díjom'o a señora galiña.
–¿Quèn ll'o dijo, señora galiña?
–Eu que'un sentín n'a miña coroniña."

Marcharon todos correndo.
O ourizo n'o chan quedou,
O cèo, tal cal estaba,
Pero a galiña enfermou.

A formiga
e os
seus nóvios.

Andando po-l-a calle a formiguiña,
Topou n'o chan pequena möedíña:
Meten-n-a en pintura;
Pintous'a cariña;
Subens'á un balcon
E n'él iba e viña,
Pra que a reynebrasen
Os nóvios ajiña.
Pasou un pitiño
E díjo, mirando-a:
"—Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
—Pago noi bèn, que ti non m'o dás.
—¿Quères casar comigo?
—E¿ qué m'has de facer?
—Ei—Pipiripipi.
—Non, que me picarás."

Acudeu o galo
E dijo, mirando-a:
"Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
— Fago moi bèn, que ti non m'o das.
— ¿Quères casar comigo?
— E ¿qué m'has de facer?
— Cò-Còcòròcòcò.
— Non, que m'asustarás"
Aparece o pavo
E dice, mirando-a:
"Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
— Fago moi bèn, que ti non m'o das.
— ¿Quères casar comigo?
— E ¿qué m'has de facer?
— Glou-Glou, glou, glou, glou, glou.
— Non, que m'engulirás."
Acercous'o peto
E dijo, mirando-a:
"Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
— Fago moi bèn, que ti non m'o das.
— ¿Quères casar comigo?
— E ¿qué m'has de facer?

– Un carriño, pr'andar.
– Non, que m'engañarás."
Asomou'o cuco
É dijo, mirando-a:
"– Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
– Fago moi bèn, que ti non m'o das.
– ¿Quères casar comigo?
– É, ¿qué m'has de facer?
– Cucú – Cucu – Cucu.
– Non, que me cascarás."
Presentou'o còrvo
É dijo, mirando-a:
"– Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
– Fago moi bèn, que ti non m'o das.
– ¿Quères casar comigo?
– É, ¿qué m'has de facer?
– Chuur – Cai, cai – Corrá.
– Non, que me matarás."
Chega o lagarteiro
É dice, mirando-a:
"– Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
– Fago moi bèn, que ti non m'o das.

– ¿Quères casar comigo?
– E ¿qué m'has de facer?
– Pli – Pli, pli, pli, pli, pli.
– Non, que m'aruñarás."
Acontèce o mèrlo
E dice, mirando-a:
"– Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
– Fago moi bèn, que ti non m'o das.
– ¿Quères casar comigo?
– E ¿qué m'has de facer?
– Tuas tèrras sacharei.
– Non, que as estragarás."
Sal o ferreiròlo
E dice, mirando-a:
"– Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
– Fago moi bèn, que ti non m'o das.
– ¿Quères casar comigo?
– E ¿qué m'has de facer?
– Rir pra ti – Rir pra ti.
– Non, que m'embobarás."
Avanza o sirín
E dice, mirando-a:

"—Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
—Fago moi bèn, que ti non m'o das.
—¿Quères casar comigo?
—¿¿qué m'has de facer?
—S'hai fariña, sirgar.
—Non, que m'a sisarás."
Vens' o carriciño
É dice, mirando-a:
"—Formiguiña, ¡qué guapa qu'estás!
—Fago moi bèn, que ti non m'o das.
—¿Quères casar comigo?
—¿¿qué m'has de facer?
—Amart'hasta morrer.
—Comigo casarás."

Jogos de prendas.

I

Era un vèllo e plantou unha viña,
Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro
D'a pèdra furada.
Veu a cabra e roeu a viña que'o vèllo plantára,
Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro
D'a pèdra furada.
Vais'o can e matou à cabra que roéra
a viña que'o vèllo plantára,
Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro

D'a pèdra furada.

Veu o pau e matou ò can gue ma
tára à cabra gue roéra a viña gu'o
vèllo plantára,

Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro
D'a pèdra furada

Vais' o lume e gueimou o pau gue
matára ò can gue matára à cabra
gue roéra a viña gu'o vèllo plantára,

Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro
D'a pèdra furada.

Veu a anga e matou o lume gue
gueimára o pau gue matára ò can
gue matára à cabra gue roéra a vi
ña gu'o vèllo plantára,

Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro

Vais'o boi e bebeu a anga que matára
ra o lume que queimára o pau que
matára ò can que matára à cabra
que roéra a viña qu'o vèllo plantára,

Lumes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro
D'a pedra furada.

Veu a cùrda e prendeu ò boi que bebe-
ra a anga que matára o lume que quei
mára o pau que matára ò can que
matára à cabra que roéra a viña
qu'o vèllo plantára,

Lumes e martes
De madrugada
Tras d'o outeiro
D'a pèdra furada.

Vais'o rato e rilou a cùrda que prende
ra ò boi que bebera a anga que matára
o lume que queimára o pau que mata
ra ò can que matára à cabra que roéra
a viña qu'o vèllo plantára,

Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro
D'a pèdra furada.

Veu o gato e matou ò rato que vilára a còrda que prendèra ò boi que cebera a auga que matára o lume que queimára o pau que matára ò can que matára à cabra que roèra a viña que'o vèllo plantára,

Lunes e martes
De madrugada,
Tras d'o outeiro
D'a pèdra furada. *

---

* Publicado en el nº 31 de La Ilustracion gallega yasturiana, tomo 2º, año 1880.

Estaba a amòra en seu lugar
E veu a mosca pra a picar.
A mosca n'a amòra, a amòra n'a silva,
a silva n'o chan;
Chan, chan,
Fen man.
Estaba a mosca en seu lugar
E veu o galo pra a pillar.
O galo n'a mosca, a mosca n'a amòra, a
amòra n'a silva, a silva n'o chan;
Chan, chan,
Fen man.
Estaba o galo en seu lugar
E veu o zorro pra o atrapar.
O zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a
mosca n'a amora, a amòra n'a silva,
a silva n'o chan;
Chan, chan,

Fen mau.
Estaba o zorro en seu lugar
E veu o can pra o escorrentar.
O can n'o zorro, o zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a mosca n'a amòra, a amòra n'a silva, a silva n'o chan.
Chau, chau,
Fen mau.
Estaba o can en seu lugar
E veu o lobo pra o cazar.
O lobo n'o can, o can n'o zorro, o zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a mosca n'a amòra, a amòra n'a silva, a silva n'o chan;
Chau, chau,
Fen mau.
Estaba o lobo en seu lugar
E veu a lanza pra o clavar.
A lanza n'o lobo, o lobo n'o can, o can n'o zorro, o zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a mosca n'a amòra, a amòra n'a silva, a silva n'o chan;

Chau, chau,
Fen mau.
Estaba a lanza en seu lugar
E veu o lume pra a queimar.
O lume n'a lanza, a lanza n'o lobo, o lobo n'o can, o can n'o zorro, o zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a mosca n'a amòra, a amòra n'a silva, a silva n'o chau.
Chau, chau,
Fen mau.
Estaba o lume en seu lugar
E veu a anga pra o apagar.
A anga n'o lume, o lume n'a lanza, a lanza n'o lobo, o lobo n'o can, o can n'o zorro, o zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a mosca n'a amòra, a amòra n'a silva, a silva n'o chau.
Chau, chau,
Fen mau.
Estaba a anga en seu lugar
E veu o bòi pra a bibiscar.
O bòi n'a anga, a anga n'o lume, o

lume n'a lanza, a lanza n'o lobo, o lobo n'o can, o can n'o zorro, o zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a mosca n'a amòra, a amòra n'a silva, a silva n'o chan;

Chan, chan,
Fen man.
Estaba o bòi en seu lugar
E veu o hòme pra o matar.

O hòme n'o bòi, o bòi n'a anga, a anga n'o lume, o lume n'a lanza, a lanza n'o lobo, o lobo n'o can, o can n'o zorro, o zorro n'o galo, o galo n'a mosca, a mosca. n'a amòra, a amòra n'a silva, a silva n'o chan;

Chan, chan,
Fen man.

Romances.

I.

Estabas'un señor gato
En silla d'ouro sentado,
Calzando mèdia de seda,
Zapato blanco e picado.
Preguntaronll'uns amigos
Se quèría ser casado
Con Micuchiña Morena
Qu'andaba ali d'él ò lado.
Fíjose desentendido,
De seu rango moi preciado.
Mais, indo un dia tras èla,
Caëuse dend'un tellado,
Vendo as costèlas partidas
E hast'un pè desconjuntado.
Mèdicos e cirujanos

Veñen á él de contado:
Ningun á cura-l-o acèrta,
E est' enfermo desauciado,
Sin varas de longaniza,
Com'as qu'habia roubado,
E libras de bó pernil,
Que s'hachaba mal gardado,
Decía pouquecho á pouco,
En tono desconsolado:
"Ñamadriña, se me morro,
Non m'entèrren en sagrado,
Entèrrenm'en campo verde,
Ond'á pacer vai o gado.
Deijenm'a cabeza fòra
E o cabelo bèn peinado,
Para que digan as gentes
Este pòbre desdichado
Non morreu de tabardillo,
Nin tampouco de costado;
Morreu, si, de mal d'amores.
¡Ai! que mal desesperado!"

II.

Tu'ordenabas de casar
Chegou à miña noticia.
O meu enterro e a tua boda
Serán duas festas n'un día.
Pasaráseme po-l-a pórta,
Lucindo gran comitiva;
Éntras, que m'atoparás
N'a derradeira agonía.
Aquí há de conducirte
Ò pè d'o altar a madriña;
Á min hánme de levar
Catr'hómes en tomba fría.
Ò que chegáres à ilesia
E dobles n'éla a rodilla,
Verás para min abrirse
A sepultura precisa.
Aquí as arras gardarás
En riqu pano caídas;

Eu baijarei para a còva
D'o casamento en seguida.
A ti mesa han d'ofrecer
Cubèrta d'Holanda fina;
A min hánme de botar
Terra e lastre por encima.
A ti serviràn manjares
E tamèn grata bebida;
A min comeramm'os vèrmes,
Gozando n'a carne miña.
Mais sempre qu'à ilesia volvas
Rézam'unha Ave-Maria
Por aqueles pasatempos
De mocedá primeiriza....
E, anqu'estas cousas che digo,
Olvídam', ai!, sí, olvida;
Pois, cando meno-l-o penses,
Estaràs de min veciña.

III.

Ahi nos vèn un cabaleiro,
Tratante en panos e seda
E tamèn enamorado
D'unha principal donjèla.
Casadiños e velados,
Marcharon d'él para a tèrra,
Ond'ò cabo d'algun tempo,
Dijolle, triste, asi èla,
Vendo jornada emprendia
C'os seus panos e a sua seda:
"O que ch'encargo, marido,
Que larga a ausencia non sea,
Pois sabes que quedo en cinta
De nòve meses à fecha."
Com'ò mèdio d'o camiño,
O dèmo se lle presenta,
Todo en figura de frade,
Descalzo de pè e pèrna.

– "½ Pr'onde vas?, lle preguntou
Tua jornada ¿onde te lèva?"
– Á moi bèn lonje, respònde,
Cèn lèguas d'a miña aldea.
– ¡Ai! N'a tua casa esta noite
Prepáran unha gran céa
E tua dòna está n'a cama
E un galan está con èla.
– Quèn vo-l-o dijo, meu frade,
Saber ahora quixèra.
– Si quères que ch'o en diga,
Mais pregunta d'a donjèla
O coral que ti lle dèche
Cando casáche con èla."
Marchou o hòme à sua casa,
Botando as mans à cabeza;
Prò, cando à pòrta chegou,
Esclama alí a sirventa:
– "¡Alegría, señor amo,
Que paren Mari-Manuela!"
– Mari-Manuela rosente
E o fillo tamèn con èla.

Traim' a chave d'o seu cuarto,
Que quèro subir á ve-la,
Darlle sète puñaladas,
Anqu' à primeira morreras;
Face-l-o mismo c'o neno,
Mata-l-o d'igual maneira.

.....

Fíron d'a casa o que pudo;
Tornada de nòvo empèza
È n'o mèdio d'o camiño
O dèmo se lle presenta,
Todo en figura de frade,
Descalzo de pè e pèrna.
"¿Pr'onde vas?, lle pregunton.
Tua jornada ¿onde te lèva?"
—A moi bèn longe, responde,
Cen lèguas d'a miña aldea.
—Mira que'áhi vèn a justicia;
Poderá ser que te prenda,
Se quères ser aforcado,
A aforcarte m' ofrecera
C'un cordon de S. Francisco

Que trayo n'a faltigueira"
Mais, ò cinguirll'o ò pescozo,
A Virge-Madre esto ordena:
"Vaite d'aquí, Satanás;
È deija o que teu non era!
Deija esa alma qu'è miña
È o meu fillo redemera.
Vólvet'à casa, bon hòme,
Que tua muller bòa era."
—¿Como volverme, Señora,
Se mòrta a muller me queda?"
Volvens'o tratante, ò fin,
Botando as mans à cabeza;
Vrò, cando à pòrta chegou,
Sùpeta señal o alegra,
Sinte ò meniño chorar,
Cantar á Marí-Manuela.

.....

"Perdona, muller, perdona!
Perdónam'a crüeleza,
Que, Satanas se non fora,
Eu á ti non t'ofendera."

IV.

Éras'a filla d'un Rei,
Moi devòta de María
É tres rosarios rezaba
Cada un día de rodillas.
O primeiro, de mañan,
O segundo, tras comida,
O terceiro, alá de noite,
Cando nadie a interrumpía.
Rezando este unha vez,
Chégas'a Madre Divina
É dille: —"¿Qué fas, infanta?
¿Qu'è o que fas, devòta miña?"
—Señora, cumplín o rosario
De nòsa Madre Divina.
—Infanta, vente comigo
A unha larga romaría.
—Antes licencia pedir
Vou á quièn eu debo a vida."

Marchouse de sala en sala,
Ò gèitiño e pensativa,
Hast' o mais alto apousento
En qu' o monarca dormía.
– "Espèrte, pàdre, lle dijo,
Que trayo grande noticia,
Pois dentro d'este palacio
Háchas' a Reina divina
E quère eu vaya con èla
Á unha larga romaria"
– Estonces, contesta o Rei,
Meu palacio ¿quèn habita?
– Deija-l-o òs pòbres, señor,
Eu hoje consellaría.
– Por te levar quèn te lèva,
Vaite con Dios, miña filla."
Fórons' ò monte Calvario,
Onde ja Cristo subira,
Ond' a còbra asuviaba
E a serpente respondia.
Ò qu' á este sitio chegaron,
Dijo a Señora divina:

"Infanta, aquí pasarás
Sèt'anos e mais un día.
Mandareiche por un ángel
Sustento que cause envidia
E por blanquiña palòma
Moi delicivosa bebida."
Ò cabo d'o tempo dito,
Volveu a Virge María
E preguntoulle bondosa:
"¿Como che foi, miña amiga?"
— Fóime bèn, gracias á Dios
E à Madre que me sostiña.
— Tres estadiños ch'ofrezo,
De todos a millor ía.
Se quères ó de casada,
Marido tès en seguida.
Se queres entrar de monja,
Convento che busco ajiña.
Se quères subir ò cèo,
A man che dará María.
— Casada non quèro ser,
Nin en convento acollida;

Quèro, si, subir ò cèo,
Pois non vexo millor dicha."

.....

Tòcan campanas, bo Rei.
¡Como tòcan d'alegria
Por aquèla vòsa infanta
Que para o cèo camiña!

V.

Alá un día de San Juan
Nacen de perra malvada
Unha nena moi hermosa,
Catalina* nomeada
E seu pai, que á todas horas
En zurra-la se cebaba
C'unha corre-retorcidas,
D'esta sorte lle falaba:
"Catalina, deija a fe
D'esa gente cristiana"
"Deija-la, señor, nun quero,
Qu'estou con Dios en casada".
O soberan, que tal soupo,
De cólera espumajaba

---

* Alude á la vida de santa Catalina, virgen y martir, de quien reza la iglesia el 25 de noviembre.

É manda vir unha vòda
De cuchilos e navallas.
Traída a vòda ò momento,
Catalina non desmaya;
Pasa sin temor por ela
Coma se non fora nada.
Maisimino, o soberan,
Mandou lògo degola-l-a
É leite, en lugar de sangue,
D'a cabeciña lle mana.
Baijan ángeles d'o cèo,
De San Grabiel en compaña
É estonces á Catalina
Dícenlle con vòs moi clara:
"Ven, Catalina, á dar conta
D'a mala vida pasada"
"A vida pasei-n-a bòa
É a conta asi será larga"
"Ten pai un turco fòi sempre,
Tua nai, unha renegada
É d'os profundos infèrnos
Teñen a vida ganada.

VI.

– Soldadiño generoso,
¿Porqu'andas triste n'a guerra?
¿Fa-l-o por teus páis, acaso,
Ou gente d'a tüa tèrra?
– Non o fago por meus páis
Nin gente d'a miña tèrra,
Fágo-o, si, tan solasmente
Por miña esposa e donjèla.
– ¿Qué dèras ti, soldadiño,
Qué dèras por hoje ve-l-a?
– Cèn doblons, ai! eu daría
E o meu paniño de seda.
– Non che quèro os cèn doblons,
Nin o paniño de seda;
Monta n'este meu cabalo,
Corre ligeiro ò pè d'èla
E asi qu'un ano se pase
Volvet'à miña bandeira"
Indo por Despeña-perros,

Descubre unha sombra negra,
O cabalo se ll'espanta
E él de susto case trembla
— Cabaleiro, non t'asustes,
Dill'unha vòs ali cerca;
¿Qu'è o que te trai por aqui,
Aqui por Serra-Morena?
— Miña esposa, de quèn vivo
Hai sèt'anos en ausencia
— Diant'está d'o cabaleiro:
Non ande mais ja por ela
— S'è miña esposa a que dis,
¿Pórque suas falas me nèga?
¿Pórque seus lábios, ò vermes,
Amorosa non despèga?
— Pórqu'aqui n'os tèn ahora.
— Os seus ollos de donjèla,
Conqu'un dia me miraba,
¿Pórqu'amostrarme recela?
— Pórqu'aqui n'os tèn ahora.
— ¿Pórqu'os brazos, con que leda
Alá un tempo m'abrazaba,

Non m'abrazan sin espèra?
— Pórqu'aqui n'os tèn ahora.
— ¿Onde, pois?; di, sombra negra.
— Adios, adios, cabaleiro,
Qu'agardando por min queda
O vivo fogo d'o infèrno,
En qu'a alma non sosèga.
— Estimára de saber
Pórqu'estabas ali en pena.
— Pórque, de Dios m'esquecendo,
Ti meu Dios tan solo eras.
— ¿Quères que venda o cabalo
E misas por ti ofreza
E, s'o cabalo non basta,
Qu'eu, por ti, tamen me venda?
— ¡Ai! que nin eso me vale
E agardando por min queda
O vivo fogo d'o infèrno,
En qu'a alma non sosèga.

VII.

Gavejando o carriciño
N'a sua casa de morada,
Atrevida se lle pousa
Enriba d'ela unha garza.
E, com' as vigas faltasen,
A casiña se ll'anaga.
Botou pra fòra o carrizo
E incomodouse co-a garza;
Mais esta díjolle ò punto,
Con lèngua desvergonzada:
"Cativo, fuje d'ahí;
Non te me subas às barbas,
Pòrque vivo t'engulipo
D'unha sola bocanada."
O pajáro, que tal òiu,
Frente á frente se lle chantou,
Endereitou o rabiño
E, sacudindo suas alas,
D'este modo lle contesta:

"Non coides que m'acobardas.
Bèn altos son os navios
E ròmpe-os pequena bala;
Alto è tamèn o cabalo;
Pòñenlle silla, ou albarda,
Un hòme pequeno o monta,
Lèva freno, con qu'amansa"
E, asi falándolle, ¡zape!
Pousa o carrizo n'a garza
E regálalle de tundas,
Á seu pracer, unha farta.
A garza, toda ofendida,
Ant'o juès puxo demanda
E, creendos'o carrizo
D'abondo pra contesta-l-a,
"Mòi bos dias, meu señor,
Ò Juès dijo d'as alzadas;
Mòi bos dias teña usía,
Co-as suas calzas coloradas."
"Mòi felices, corpachon"
E espujo estonce-l-a garza:
"Este sapo, señor juès,

Dòume de tundas, tal farta,
Que gran castigo merece."
Prò o carrizo non s'atasca,
Antes respònde animoso:
"Usté fòi, señora garza,
Quēn, tranquilo eu gobernando
A miña casa-morada,
Veu á pousárseme n'èla,
Facendo que s'anagára.
Eu o daño ll'afeei
E usté dijo deslenguada:
Cativo, fuje d'ahí;
Non te me subas as barbas,
Pórque vivo t'engulipo
D'unha sòla bocanada.
Aldrajado sin razon,
A pacencia se m'acaba
E respondinll'ò meu modo
Estas corteses palabras:
Bèn altos son os navios
E rōmpe-os pequena bala;
Alto ē tamen o cabalo;

Pòñenlle silla, ou albarda,
Un hòme pequeno o monta,
Lèva freno, con qu'amansa
E, sobre d'usté caíndo,
Deill'unha böa somanta"
Oidas entrambas partes,
O juès sentèncëa e manda:
"Ti, garza, dend'hoj' ò mar,
A ver com'un peije cazas.
E ti, valente carrizo,
Aqui m'o tragues, sin falta!"
Aquèla cazou o peije;
Mais tiña a gòrja mòi larga
E, ali se ll'atravesando,
Non tardou en afoga-l-a.
Réus' á partir o carrizo
E, louco de gozo, escrama,
"¡Aaganáche! ¡Espichache!"
Tiroulle d'a gòrja a caza
E, presentándoll'a ò juès,
Dille con toda arrogancia:
"Corpachon, hòme capás,

Ahora acabou co-a garza."

VIII.

N'a aldea de non sei onde,
O cano non m'interesa,
Vivía, dicen, muller,
Coñecida po-la Mèrla,
Efeuto d'as habilidades
Qu'ela tiña de solteira,
Anque lle fora millor
Qu'a **cartilla** bèn soupèra.
A doutrina jamais soupo,
Nin ll'entraba n'a cabeza
E, d'algunha deprendía,
Non tardaba en esquècela.
Por eso o señor abade
Da parroquia en que nacera
Cansou-n-a en ir e volver

Hasta que s'impuso n'ela
O sacristan, qu'era espèrto,
Veciño d'a misma aldea
E sabedor de roubiños
En que sua dona a collera,
Tomárall'oculta tirria,
Mirába-a con cèrta agnèla,
E n'o abade mensajaba,
Pra de carneiros* henche-l-a.
Un dia a Mèrla acamou,
Fose de risa, ou de vèras,
E chama ò cura, decindo
Viñèse pronto á ausolve-l-a,
Qu'estaba moi de peligro
E nunca se virá enferma.
Agarra o cura o sombreiro
E vais'ò punto á cas d'ela
Que confesarse num guizo,
Porqu'a delor ja cedera.
Corridas süas semanas,

---

* Para que no la aprobase

Chamou-n-o outra ves a Mèrla,
Decindo que recaira
E rogando fose á ve-l-a.
Marchou de nòvo ali o cura,
Prò sin darse moita prèsa,
Temeroso de que n'esto
Algo houbese de choucheza.
Atopou-n-a chormicosa
E por demais faladeira.
Propúxoll' a confesion
E respondeull' asi èla:
"Osté, señor abadiño,
È pra o meu mal unha gèsta.
Síntome toda alëada
Apenas junt' á min chega.
Deijarémo-l-a por hoje,
Que teño feita unha ofreta
E há de sanar, se Dios quèr,
A que tanto á osté molèsta."
O cura non repricou,
E, se o fijèra, perdera;
À retoral dirigeuse

E maginaba n'a vèlla.
Ò cabo de non un mes
Qu'o caso tal sucedera,
Tòrna a vèlliña á chama-lo,
Con grand'apuro e insistència.
Parteu o cura sin gana
E, véndo-a n'unha codèla
Machicando ò pè d'o lume,
"Ou usté, di, se confèsa,
Ou eu acá mais non veño"
E estonces repòn a enferma:
"¿Esquecéusell'a doutrina
Que non m'impoñía n'èla?
Pois tamen, meu carrandin,
Ir e vir, digo eu a Mèrla.

Conversacion

entr'os arreeiros

Còsme d'a Gouja, Marcos Rièlo e Roque Aran.*

Còsme_ Acolá vèn co-as suas bestas
O siseiro de Santiso **
¡Vaya qu'e se gasta viño!
Durmeuche, seigne, n'o Trijo.

Rièlo_ Cinco mulas trai cargadas,

---

*Debimos esta composicion al señor cura de S.ta M.ª de Cortegada D.n Andres Rodriguez Lopez, el cual nos dijo ser obra del señor D.n Ramon Varela Mahamonde, poéta popular satirico y de gran facindia, natural del valle de Deza y que falleció en su casa de S. Roman de Santiso el año de 1858.

**Parroquia en el partido de Lalin

Todas èlas con cencerros,
Ou chocallos, prò distintos
N'o tocar. Vamos á ve-l-os.
Faite cargo d'o que din:
"Changuelan, changuelaran;
O viño pra o Forneiran.
Changuelin, changuelirin;
O viño pra Serafin.
Changuelina, changuelina;
O viño pra Serafina.
Changueròlo, changueròlo;
O viño pra o Ferreiròlo.
Changueleiros, changueleiros;
O viño pra os compañeiros.
Changuelan, changuelaran;
Quèn o lèva è Bògue Aran."

Còsme - Bos dias, amigo Bògue.
¿Pronde vas con tanto viño?

Aran - Vou-n-o levar de camiño
À tabèrna de Santiso.
Ja m'estan nèla agardando
È chegar hoj' è preciso.

Bielo — Con tantas bestas cargadas!
Iráchos'á avinagrar,
Que n'o põdes despachar
N'umha súcia de semanas.

Aran — Haiche cinco, ou seis, borrachos
Que, se non beben decõte,
Juro á brivs e meu capõte
Que tolëan d'os mostachos.
E sonch'eles, tan gabachos,
Coma o franchute mais ruin,
Sobre todo o palanquin
D'o Forneiro, ou Forneirachо.
Ta lle chaman o borracho,
Fanfurriña, mintiveiro,
Nugallao, cara de sacho.
Dró él á todos amerza
E todos jan burla d'él,
Por garnacho, cascabèl,
Por bisborra e böa pèza.
Hai tamèn o Serafiño,
Ou simpròte Serafin.
Bèbe bèn! E, tan mastin,

Coma ò puño zarradiño.
Tèn o corpo pegueniño,
Acara, coma a d'un mico;
Mais, pra chimpar sendos vasos,
Ninguèn lle gana ò maldito.
E, anque a casa lle gobèrna
O Forneiran às semanas,
De beber tèn sèmpre ganas
E, con tal qu'o vaso corra,
Non ll'importa qu'o bisborra
Ande n'esas carabanas.
A muller d'o serafiño
Por unha pinga rabéa.
Quère-a decote a probiña
E, se non bèbe, toléa.
Parece un longo varal
E, tratándose de viño
Gòrja, tan ancha èla mòstra,
Coma a canle d'un bo muiño;
Prò, se non vai por azumbres,
Lògo di qu'è pouqueniño.
¡Vereiròlo!, ¡Santo Cristo!

Ése en beber è doutor
È, metido á opositor,
Chegaba pronto á arzobispo.
Co aquel mirar seu mouriscо,
Zampa en vasos, cal en figos.
Ò lado de catro amigos,
Ajiña enjuga un pelejo.
È, se moito lle fïaran,
Mais bebía, segun vejo.
N'a grande lomba que tèn
Eu penso que bota o viño
È onda, tan cheo o probiño,
Qu'as veces non lle vai bèn;
Pró deprendeu a habilidáde
De gaiteiro e sin que tòca
Sin escrupo à taberneira,
Ja o fandango, ja a muiñeira,
Estando ela moi contenta,
Mentra-lo larpan d'o hòme
Còrda c'o viño está en venta
Ind'hai outros companheiros,
Que n'os digo por prudència

E, estafadores de viño,
Non reparan n'a concèncial.
Ofreceron eles darme
A sisa un tanto barata.
Buscaron vôtos de noite,
E, fiándom'eu n'a trana,
Pensei qu'así resultaba;
Mais solo unha mèdia sisa
Me quedou d'a qu'esperaba.
Beberonm'o pipo chèo:
S'houbèra mais, mais pillaban,
Que, pra farta-l-os de viño,
Moitos moyos non bastaban.
Vayan ò infèrno á beber,
Qu'á min bèn me giringaron
E, entre mangas e viostas,
Trecentos reás vôaron.
Débenme, Dios sabe canto;
O menos, trint'e sèt'olas.
E cuidaban os lapeiros
De pagarm'as con pavòlas.
Vou, vou-n-os á ejecutar,

Pra qu'apronten de contado;
Pois non tẽñen que perder
Senon as cachas d'o rabo.
Por eso non quẽren suba
N'a sisa, nin n'a tabẽrna
E, en tanto qu'os demais pagan,
Eles recachan a pẽrna.
E, como lẽvan sumido
En bebedẽlas o aumento,
Dan a sisa po-l-os tragos
E miren outros pra o vento.
¡Nacidas! ¡Qué tales son!
Basta que sëan alléos:
Quẽren roubar à parroquia
Con tal qu'eles anden chéos.
Sarna potente lles veña
E unha frẽbe de camiño,
Que solo con auga sanen;
Enfermen solo c'o viño.
Cõsme — Anduvẽches ò rivès,
En mans de puros bribós:
Ali hai hõmes de calzós

Que non che son cascabès.
Solo en pensar c'os borrachos
Habian de da-l-a lei,
Eso non ch'o consentian:
Ja ch'o dijen e acertei.
S'outra ves quère-l-a sisa,
Pidell'a ôs hômes honrados,
Pórqu'os feitos d'eses pillos
Sèmpre che son malmirados.
Rièlo – Deprendiches à tua conta;
Prò sabe qu'hai en Santiso
Gente qu'eso bèn entènde
E sirva á todos d'aviso.

Refrans, provèrbios e decires.*

- À auga de correr e à gente de falar non se pòde privar.
- A baraja è o libro d'os jogadores.
- À besta golosa, taleiga d'aréa.
- A çaste d'a hòrta sal d'a corte po-l-a pòrta.
- A confesion de tambor, ausolucion de pito.
- A chaque quèr a mòrte e non sabe de que sòrte
- A deuda e o labor sèmpre veñen ò pior.
- A forra que tira a casa è mala forra.
- A galiña po-l-o bico pòn.
- A ganancia vai n'a compra.
- À gando bravo, còrda larga
- Aguaciles e escribanos nunca de comer estan fartos.

---

* Todos los que llevan un puntito encarnado fueron remitidos á la Real Academia Española en 23 de abril de 1881, juntamente con 92 del Cantigueiro, marcados de igual manera.

- Agrade o còcho e non se repare n'o cocho.
- A jogueta e a bebedèla botan as casas por tèrra.
- Algo tèn a auga, cando a bendicen.
- Altas, ou baijas, en abril son as Páscuas.
- A mal Sar, tomar tabaco.
- A mentir lògo un deprènde.
- A mentira s'algo è filla.
- Amigos, de lonje e contas, de prèto.
- Amigos de tabèrna, amigos de m....
- A moita tèrra sá suas chéas, unha de trabalho, outra de misèria.
- A muller è a primeira leira que o labrador casado vé po-l-a mañan.
- A muller e o hòme honrado, po-l-o camiño s'o carro.
- A muller que'n alto fía, o fuso lle cai e o cu lle asubía.
- À muller que moi ruin sea, duas tundas; unha, pra que Dios veña á ve-l-a; outra, pra que á ver á Dios vaya èla.
- A nadiña ponca, a nadiña moita, vai chegando unha à outra.

Ano d'ameijas, ano de queijas.
Ano de laceira, en cada esquina unha panadeira.
Ano de nòces, ano de vòces.
Anque son saco, teño baraza.
Ansias alléas matan òs asnos.
Antes sudar que trembar.
A nugalla nin còme pan, nin dòrme n'a palla, nin viste camisa lavada.
A pòrca de mayo vale mais n'o principio que n'o cabo.
A quèn nada tiña e herdou, boa castaña ll'estalou.
A que seus fillos cria, boa téa fía.
A rapaciño mentireiro non perdone-l-as azoutas.
A razon non quèr forza
Arreeiro d'unha besta, cesteiro d'unha cesta e pescador de cana mais pèrden d'o que ganan.
A Roma por cento, á Roma por cent'e un.
As enfermedades entran por libras[1] e sáen

(1) Otros dicen por quintales

por adarmes.

- A soberbia está n'os pòbres e n'os ricos a/ abaricia/.
- A sòrte d'o pòbre è andar á pedir.
- Auga de tronada, n'alguns sitios moita/; n'outros, nada/.
- Aye gue se muda en cada sitio leija unha/ pluma/.
- A vèlles yeñen todas.
- A vida d'os yagamundos è unha vida real; de mozos, po-l-as tabèrnas; de yèllos n'o hospital.

- Bèn acima quièn mal pasa/.
- Bendita sea a fallada gue trai outra remangada/.
- Bèn mandado, mal mandado, fágas'o gue manda o señor àmo.
- Bèn sabe o dèmo á quièn atenta e a/ besta á quièn lèva.
- Bèns de crègos entran po-l-a pòrta/ e saem po-l-a ventana/.

- Bèns sisidos, bèns perdidos.
- Besta mular, ou comer, ou andar.
- Besta parada non fai jornada
- Besta que gème à carga non tème.
- Bico con bico o primeir'ano de boda; o segundo, cu con cu e o terceiro, ¿ qué trou jèche tu ?
- Blancura sète faltas disimula.
- Boa roupa e boa vida fan à vella garrida.
- Boa vida non quèr prèsa
- Bocado comido non fai amigo.
- Boi brabo, rego largo.
- Boi morto vaca è.
- Brètema n'o monte, millor que po-la mañan, è po-la noite.
- Busca quièn obedeza que quièn mande há de sobrar.

- Cabra coja non quèr sèsta e, se a toma, mal lle prèsta.
- Cada país tèn seu uso e cada vòca seu fuso.

- Cada un pra si e Dios pra todos.
- Cada un rasca onde lle pròi.
- Cal de berzas, cal de papas, ataquemo-l-as barazas.
- Caldo sin grasa, pan sin tasa.
- Cand'a carballeira canta, gusta bèn a manta.
- Cand'as rans cantan en janeiro, señal de fame en todo o eido.
- Cand'eu quèro, non quèren èlas e can d'èlas quèren; teño outras idèas.
- Cando Dios non quère, os santos non valen.
- Cando Dios quèr da-l-a anada, n'a lèva vento nin giada.
- Cando n'a riveira nèva, ¿ qué fará n'a sèrra?
- Cand'o Pico-Sagro pòn capelo, rapazas d'a Ulla, cubride o mantelo.
- Cand'o Pico-Sagro pòn touca, auga temos moita, ou pouca.
- Cand'o sábado chòve e o domingo an-

te misa, po-la semana adiante verás que risa.

Cando vèn o cuco, vèn o pan ò suco.

Cand'un burro orneá, outro escòita.

Canto mais caldo, mais sopas.

Canto mais dán ò tolo, mais quère, ou mais tolo o fan.

Canto mais un anda n'o monte, mais es piñas còlle.

Caridá, sin vanidá.

Carro derradeiro, ou moi cargado, ou bèn valdeiro.

Casamentos con fogueteş, acaban con cachetes.

Casamentos por amores, acaban en dolores.

Casar, á gusto; vestir, á uso.

Casar e morrer, unha ves.

Caves bèn, caves mal, cava bèn n'o carreiral.

Cebada d'o dia non fai andar caballería.

- Còbras en marzo, nève en abril
- Còida o ladron que todos son s'a sua condicion.
- Còme mais un dia de sol en febreiro que cantos cabalos tèn o Reino.
- Comer bèn e traballar millor.
- Comer e sorber non pòde ser.
- Comer hast'enfermar e gardar dieta hasta sanar.
- Comer pouco e rabo enjòito
- Compañía, co-a muller.
- Con abono e règa, n'hai mala tèrra
- Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai ruin viño.
- Contas s'a casa non din co-as s'a plaza.
- Contas feitas son mèdias pagas.
- Contos s'a feira que van pra'o mercado.
- Criado, s'un dia; caseiro, s'un ano.

- Chámall'ò gancho cousa tòrta.
- Chuvia en marzo, vin o mexo s'un

rato
Chuvia n'a semana d'a Ascension, nin boa faba, nin bo melon.

Dame pan e chámame can
D'a rapa à rebola veña o dèmo e escolla.
De ferreiro á ferreiro non còrre diñeiro.
Deitarse e non dormir, esperar á quèn non chega e sin galardon servir, cousas son desesperadas, en que non debes caír.
De mañan á mañan pèrde o carnei riño a lan.
De marco á marco n'hai arco.
De noite todo-l-os gatos son pardos.
De quèn non se pensaba, gran pedrada.
De San Miguel á San Miguel, deitarse cedo e deijar muller.
Desque se pòn o sòl pouco dia queda.
Desqu'un mes mèdia, á outro asemella.
De taberneiro á ladron mèdia solo un escalon.
Dia de S.ta Inés, chuvia unha sola ves (todo

el dia).

Dígoch'o filla, entendem'o nòra.

Dijo n'o monte unha vella: Vaite, febreiriño corto, c'os teus dias vinte e oito, que, se tuvèras mais catro, non quedaba can, nin gato." Febreiro contestou moito: "Os teus becerriños oito deija que meu hirman marzo hách'os de volver en catro."

Dijo o viño: "N'o corpo d'o hòme son valente e voante" e dijo o pan: "S'en vou diante."

Dios sobre todo e sobre Dios nada.

D'o monte sal o qu'o monte queima.

D'os escarmentados sáen os avisados.

Dous Jans e un Pedro fan erta l-o burro quedo.

En agosto, sòl posto, noite conosco.

En cujeira de can e bágoas de muller n'hai que creer.

En comprar e vender n'hai amigos.

En Dèza, nin boa besta, nin boa pèza.

En febreiro, mete obreiro. *

'Enjámio pòbre, n'o invèrno nace e en ma yo mòrre.

En janeiro, berza vèlla val carneiro.

En janeiro, sète lobos po-l-o carreiro.

En pan encertado curta quen quèr.

En tempo de campaña, quèn apaña, apaña.

En tempo de guèrra, n'hai carta en favor.

Enterro sin choros e romaría sin gaita, non tèn gracia.

En toda a tèrra espiga o pan. **

En todo tratar e pèar labrar.

Escribanos e ameijeiras, líbren'os Dios d'as miñas leiras.

¡Estadísticas! En tèrra allea, qu'o que millor se confesa, mayor penitencia lèva.

Este mundo è un vandallo; chòve n'él coma fòra.

Esterco de charamèla, todo à candèla.

" de fieito, grau po-l-o peito.

---

* Algunos añaden: "e mais bèn en seve qu'en parede."

* Menos onde non se bota, añaden algunos

" de follas, grau po-l-trolla.
" de gèsta, grau po-l-a tèsta.
" de palla, grau po-l-a barba.
" de silva, grau po-l-a crisma.

- Fampa n'a plaza e fame n'a casa.
- Fártas' un de comer e de beber e mon se farta de saber.
- Fèsta d'un dia n'acaba unha casa e s'è de mais, acabará-a, querais.
- Fianzas, en Dios, qu'è santo vèllo.
- Fidalgo pòbre, n'o palleiro mòrre.
- Fidalgos pòbres e bestas vèllas acaban as nòsas tèrras.
- Fòl mollado, masa lèva.
- Forza de mozos e consello de vèllos.
- Frol ajada, despreciada.
- Froles en outono, fame en ano novo.
- Furto jeitoso, fai ò hòme ladron.

- Galiña que cascareja, algo venta, ou hòvo deija

Gando gordo, vòlve á seu dono tolo.

Gente nòva toda è bòba.

Herdeiro de crègo, libertino cègo.

Hoje todo vai po-l-a nòva: s'è bó, mañan o dirá quèn pòida.

Hòme lasciso, hòme perdido.

Hòme tramposo e muller mentireira, n'a casa de quèn os queira.

Honra e proveito non caben n'um jeito.

Hòrta de Samartiño, mantèn á seu dono e ò veciño.

Ir à corte e mata-l-as todas.

Ir por besta e volver por burro.

Irs'o comido po-l-o servido.

Iunt'ò galo, a galiña nòva; non vèlla, pra qu'o galo esté alèrta.

Iusto, justo, solo Dios.

Labor feito nada pide ò por facer.

Labrador cazador, coéllos n'a despensa e fame n'o comedor.
Labrador chalan, non còlle viño, nin pan.
Labra feita, bois ò monte.
"Lavada, ¡òs tres dias nada!", dijoll'o millo à liñaza. E contestou èla: "¡Nugallanzon, ¡un mes baijo terron e inda se vou se non vou!"
Leña verde e gente moza todo è fume.
Lunes e martes lava a curiosa; miércoles e jueves, a envidiosa; viernes e sábado, a priguizosa.
Lus e crus, diante.

Machada de carpinteiro, calzon de ferreiro e filla de taberneiro n'os queiras por ningun diñeiro.
Mais s'engañan qu'os que bèben
Mais vale entrar pòbre n'o cèo, que rico n'o infèrno.
Mais vale tunda de pai que cariño d'amo.

- Mal de moitos, consolo de bòbos.
- Mália à dente que còme a sementa
- Mayo caloroso, Santiago chuvioso.
- Mayo chuvioso, vran caloroso.
- Mèdico vello e abogado nòvo.
- Memento mei Deus quia ventus est, Sáca m'os cartos e torna os papès
- Mentra l-o pau vai e vèn, descansa o lombo.
- Mentras auga teña o Miño, n'o Bivèiro non falta viño.
- Mentras capo n'asubío.
- Miña' cousiña nòva, tres dias n'o penei viño.
- Miña Virge de quièn tèn, teña eu mais que ninguèn.
- Moitas veces fala un pórgue tèn lèngua e non pórgue seipa o que fala.
- Morra Marta e morra farta.
- Mòrte d'uns, vida d'outros.

Moza a nóvia e vèllo o nóvio, casamento de còrno: vèllo él e vèlla ela, casamento de m...

Moza de dèza e vaca d'a Vila, de cèint'unha.

Moza pòbre bèn vestida! Mal me cheira a chamasguina.

Moza que muito s'arrisca, ou quèr nóvio, ou quèr trisca.

Muiño parado non gana magnía.

Muiños d'herdeiros e bèns de menores, son os piores.

Muller parida, carreira abaijo, carreira arriba.

Muller que c'o marido non cùme à mesa, algo pra si garda n'a artesa.

Muller que muito fala, ò millor ses-barra.

Nabos e fidalgos, raros.

N'a casa d'o bó amo, ali mòrre o bó criado.

N'a casa d'o ferreiro non tentar e n'a botica non probar.

Nadie as faga, que, tarde ou cedo,

todas se pagan.

- Ñadie diga d'esta anga non beberei.
- Ñadie nacen deprendido.
- Ñadie vai ò rio que non se molle.
- Ñ'a moceda e roupa rachada todo engarra.
- Ñ'a tèrra allea as vacas escòrnan òs bòis.
- Ñ'hai amor firme com'o primeiro, nin lua clara com'a de janeiro.
- Ñ'hai boda pòbre, nin morthorio rico.
- Ñ'hai carne sin hòso.
- Ñ'hai feira mala; o que'un pèrde outro gana.
- Ñ'hai feita sin desfeita.
- Ñ'hai macho sin femia.
- Ñ'hai pior sordo que'o que non quèr oir.
- Ñ'hai plazo seródio.
- Ñ'hai soberbia que non caya.
- Ñ'hai sombra com'a de tella, nin jaga com'o d'a morena.
- Ñ'hai tolo sin idea.
- Ñ'è o que'a lua pinta, que'è o que

Dios dita.

- Nin de vèllo, nin de neno, non te sentes n'o penedo.
- Nin po-l-o invèrno deije-l-a capa, nin po-l-o vran a alparagata.
- Non pèca de gula quèn nunca tuvo fartura.
- Non pudo dar n'a besta e dou n'a albarda.
- Non sabe o raposo cantas galiñas dòrmen fòra.
- Non sea tanta a cera qu'arda a ilesia
- Non sea tanto o tirar que parta a còrda.
- Non s'engaña quèn non conta.
- Non se sabe o que pesa a carne en canto n'o dí a romana.
- Non todo-l-os dias è martes d'entròido.
- Non todo-l-os que dan son bós
- Non todo o que se dí se fai, nin todo o que se fai se dí.

- N'os enterros, os achegados e n'as Honras, os convidados.
- Ñunca chòve como trona.
- Ñunca falton Jan pra sabèla.
- Ñunca falton tolo pra tola, nin tapon pra ola.

- O barato, se balde è caro.
- O barato saca o carto d'o farrapo.
- "O bó pleiteante, dijo Tomè, boca cerrada, bulsa abèrta e listo d'o pè."
- O calderro, n'o lameiro e o pòte, n'o fumeiro (alhumo)
- O calbo d'as paridas non fai mal às preñadas.
- O casado, casado sèmpre.
- O castiñeiro, n'a man ò buriato e o cariballo, n'o carro.
- O crègo e mai-l-o zorro, se pèrden a mañan, pèrden o dia todo.
- O dèmo, pr'as facer, pòn unha manta e, pr'as descubrir, tòca unha gaita.

- O entroido, co-as suas artes, botou á San Matías fóra d'o martes.
- O fiado fèi-a a mitá d'o claro.
- O hòme de bèn non deshonra á ninguèn
- O hòme, onde nace e o bòi, onde pace!
- Oir campanas e non saber onde!
- O lume è mèdia mantenza e, sobre céa, mantenza enteira.
- O lume e o capon, d'o pòbre.
- Ollo, de vastre e compás, de carpinteiro.
- O medo garda a viña e non quèn a vindima.
- O millo rascado hènche a cesta e o ferrado.
- O muito falar, è vicio.
- O mozo pòde morrer, pero o vèllo non pòde vivir.
- On d'hai cartas, calan barbas.
- On d'hai cepos, lògo m'fai achas.
- On d'hai crègo, ou albarda, sèmpre hai hora millorada.
- On d'hai gaz lògo relòce.

- Onde menos se pensa salta a lèbre.
- Onde non se pèrde algo, todo è misèria.
- Onde non te chamen, non te metas.
- Onde non ves lobo, cata lobo.
- Onde perda-l a capa, ali a cata.
- Onde se pensa qu'hai touciños, n'hai esorres.
- Ond'unha pòrta se cèrra, outra s'abre.
- Ond'un non còrre, non cansa.

¿Onde vas, tolo? - Onde van todos.

- Onde vejas orella, mete cebada e, onde non vejas corpo, non poñas carga.
- Onde vires bullas, escápate, se non qu'ères ser testigo, nin parte.

O pan e a pèdra no camiño mèdran.

- O pesar todo è sede.
- O qu'à cerdeira non sòbe, malas vreijas còme: se sòbe e cai, pior lle vai.
- O que bailador foi de mozo, de vèllo, in da vai à rua.
- O que compra con diñeiro que n'è seu, non diga que compra, senon que ven-deu.

O que con rapaces se deita, lujado se le
yanta.
O que consigo se consella, consigo se de-
pena.
O que contas non bota, contas n'atòpa.
O que debia e pagou, tiña dolor e sanou.
O qu'está de Dios, n'o lèva o dèmo.
O que mata è o escrúpulo
O que moito quère agarrar, pouco lle dan
á apreijar.
O que n'a sua casa còme morriña, n'a
allea, quère carneiro e galiña.
O que non cai à maza, cai à espadela
O que non foi dia de S.ta Luáa, è ò outro
dia.
Ò que non fuma, nin bèbe viño, lèva-o o
dèmo por outro camiño.
O que non mata, engorda.
O que non tèn que facer, sens nabos sacha.*
O qu'òs vint'anos non è hòme, òs trinta
non tèn forza, òs corènta non è rico e òs
cincuènta non casou, este pájaro voou.

* Otros dicen: "sacha os nabos antes de nacer"

O que paga á Jan e debe á Andres, tèn que pagar outra ves.

O que pèrde o burro e tòpa a albarda, já non sufre pèrda tanta.

O que quèira te-l-a fortuna tòrta, ma chée a vaca e femée a pòrca.

"O que sea meu amigo verdadeiro, véñan'á ver o vinte de janeiro", dijo o santo de Pico-Sagro.

O que s'escribe, lese.

O que-se levanta cedo, repara o sèu e mai-l-o alléo.

O que se pòn á facer unha casa, pòns'á roubar unha ilesia.

O que seu can quèr matar, á rábia lle pòn por nòme.

O que s'usa, non s'escusa.

O que tèn avéa, non pasa sin céa.

O que tèn besta soña n'a albarda.

O que tèn capa, escapa e, o que n'a tèn, escapa tamèn.

O que tèn fillos non lle podrece o pan.

- O que tèn fillos, non toupa.
- O que tèn lèngua, á Roma chega.
- O que tèn moitas mulleres, nunca enviuda.
- O qu'un non quère, outro apetece.
- O que vèn dado, nin è pouco, nin è malo.
- O que veña atrás, qu'arrée.
- O rapás que n'aprende a doutrina, pan de carballo á redor d'a petrina.
- O regalo d'o pòbre è un cigarro despois que còme.
- O Riveiro è o infèrno d'as bestas e o purgatorio d'os cans.
- O rosario, non priva a misa.
- O roubado non lòce.
- Os cartos collens'unha ves e antes còntanse tres.
- Os traballos d'os casados, son traballos honrados.
- O tempèro, vai n'a man.

O tempo non tèn precio; nunca sobra, nunca cansa e, ind'así, hai quèn o mata.

Ou á Dios, ou ò dèmo, ninguèn deija de servir, sint'os que sirven á entrambos.
O vèllo, mènte bèn n'a sua tèrra: o mozo, n'a alléa, mènte que rabéa.
O viño barato, saca o carto d'o farrapo.

Palleiro sin palla non se fai.
Pano podre, non garda puntada.
Papas e pan unha casa desfan; papas e bolo, desfan-a de todo.
Pascua en marzo, ou fame, ou mortazo.
Pasou o santo, pasou a romaría.
Pèdra, andando, non cría musgo.
Perdonar, que s'houbo descortesía, culpa fòi d'o bico d'abaijo e d'arriba.
Pesa mais mojena que feixe de leña
Pleito de pòbre, n'a pròba mòrre.
Pòbre, á fèsta convidado, tira a barriga de mal ano.
"¡Pobriñas! Ábrenvos tardé e non comedes", dijo o raposo às galiñas.
Poda en janeiro, vendima n'o sombreiro.

Poda en marzo, vendima n'o regazo.
"Pódeme quēn sèpa e áteme calquèra" dijo a viña ò labrador.
Po-l-a Candelòria, cásans'os pajariños e vais'a Galiñòla.
Po-l-a liña, vèn a tiña.
"Po-l-a S.ta Mariña, báijam'a porretina", dijo a cebola.
Po-l-a S.ta Mariña, deija a sacha e colle a fouciña.
Po-l-a S.ta Mariña, vai às tuas viñas e, cal as cates, tal as vendimas.
Po-l-o que garde n'o meu peito, non teño pleito.
Po-l-o San Pedro, burro quedo.
Po-l-os santos, beixans'as pèdras; por causa d'as mozas, ousèquias'às vèllas.
Pòlvo en abril, lama en agosto.
Por bèn facer, mal haber.
Por Pascua de Resurreucion, tres cousas non tèn sazon; sardiñas saladas, castañas asadas e predicacion.

Por un puñado de fariña, non queden as papas varas.

Potro, de potrèla; becerro, de vaca vèlla.

Poucas son as malas fadas; oito meses e tres semanas.

Pouca tèrra, bèn abonada, val pu-l-a moita, mal traballada.

Pouco aceite dan pōr un carto.

Pr'abaijo, todo-l-os santos ajudan.

Pra a misa e pra o souto, n'hai qu'esperar un por outro.

Pra o pan farnar, quer o bòi trembar.

Pra o pòbre, sempr' è noite.

Pra un lir á menos, non se precisan empeños.

Quéijas'un d'as que tèn e non sabe as que lle vèn.

Quèn bèn ata, bèn desata.

Quèn comen a carne, que roa o bòso.

Quèn con augas se cura, pouco dura.

Quèn con moitos se consella, fai o que non debe, ou cerdéa.

Quèn con pòlvora s'adivirte, n'o corpo

o sinte.

Quèn de Dios está qu'há de ser pobre, nunca rico mòrre.

Quèn de todo s'admira, ou è parvo, ou se fai él.

Quèn dijo pan, dijo trigo.

Quèn fijo o cesto, que lle poña o aro.

Quèn manda, non rôga.

Quèn mèrca ruin pano, mèrca duas vecer n'o ano.

Quèn non gobèrna a leña, non gobèrna' cousa que teña.

Quèn non tèn mais qu'unha filla, non pòde ter mais d'un genro.

Quèn ò adiante non mira, atrás se queda.

Quèn o pouco despreza, menos merece.

Quèn, ò sementar è mesquiño, pra a seitura, escusa fouciño.

Quèn òs lóstregos non tème, á Dios ofènde.

Quèn òs seus desagarima, òs allévos na da pida.

Quèn parece que non tripa as hèrbas, pronde vai, tòlleas.

Quèn pareu qu'arròle e, senon, pasar sin hòme.

Quèn se laya e non còme, nin sonéa, lògo dá os fios à tea.

Quèn tèn a lèngua aguda, que teña a costèla dura.

Quèn vai en carro, nin vai á pè, nin ácabalo.

Quèn vive de recordos, vive entre mortos.

Regalo de monja, ferrado de trigo.

Regalo de pòbre, á pretension òle.

Renègo d'a grade que lèva os terrons todos.

Rubiás ò sòl nado, pigoreiro, andarás mollado: Rubiás, ò sòl posto, pigoreiro, andarás enjoito.

S'a noite de Navidá fòi de luar, labra bèn, pra sementar: S'a noite de Navidá fòi

S'escuro, sementa n'o terron duro.

Santos, ō cēo.

Sarna con gusto non pica.

Sea o santo que fore, ora pro nobis.

Se Dios quèr e hai proporcion, en fillos e pitos lògo s'un pōn.

Sementeira n'a semana de San Romans, (noviembre) nin palla, nin gran; n'a de Sta Baya, (diciembre) gran e mais palla.

Sempre ruin pòrco roe a millor castaña.

Se quès à tua muller boa, dalle cerboa.

Se quès ò teu hòme sáo, dall'avelão

Se quès ser pōbre sin sentir, fai obras n'os dias pequenos e deitat'á dormir.

Se vas pra Dēza, qu'o pan non ch'esqueza: se vas pra Camba, leva-o n'a manga.

Soldado gallego, n'a guērra hai que ve-lo.

Sóltame e verás como corro.

S'o qu'estudia non sabe, o que n'estudia, mal pōde saber.

Tan bonita è a culpa, que nadie a quër.
Tan longa fôi a romaría, com'o día.
Tanto dá comer, coma estar comendo.
Tempo contado lôgo pasa.
Ti bailache e eu bailei, ti como saber e eu como sei.
Tibi aras, tibi ocas, pra ti son as mazarocas.
Tira un a pèdra e non sabe ond'irá dar.
Toda carne côme o lobo, meno-l-a sua que lambe.
Todos son bós e a miña capa n'aparece.
Trunos en marzo, ou fame, ou mortazo.

Unha por outra n'è pecado.
Un mata e outro esfôla
Uns nacen deitados e outros nacen de pè.
Uns tènden as redes e outros còllen os peijes.
Urdir e tecer, non pòde ser.

Vaca de moitos, bèn mojida e mal matida.

Vacas d'a Vila e muller de Bendoiro, n'as metas n'a casa, que ch'è un agoiro.

Vai c'os d'a feira e vèn c'os d'a mercado.

Vale mais caír en gracia, que ser gracioso.

Vale mais còdia Sura, que pòdra mòl.

Vale mais còrda vacía, que ruin tom pradurría.

Vale mais grau de sobra n'a moèga, que muiño en espèra.

Vale mais maña que forza.

Vale mais neno contento, que pucho de zreijas.

Vale mais nublado d'agosto que sòl de setembre.

Vale mais pouco diariu, que moito de varo en varo.

- Vale mais ruin conocido, que bó por conocer.
- Vale mais ruin compostura, que bó pleito.
- Vale mais ser arreeiro d'unha besta, que criado d'unha rècua.
- Vale mais ser pillo, que pillado.
- Vale mais tarde, que nunca.
- Vale mais ter libros de conta, que conta de libros.
- Vale mais vèllo honrado, que mozo desvergonzado.
- Van os cans onde n'os chaman e dan lles pedradas.
- Váyas'a tenda e quede o tendeiro.
- Viñas, as que ti plantes; oliveiras, as de teu abó.
- Viño, á pasar; auga, á fartar.
- Viño blanco e muller, ò primeiro que viñēr.
- Viño de mayo, ponco e malo.
- Vísperas e completas, co-as mans

n'as calcetas.

Xastre d'as Baíñas, cóse de balde e mais pòn as liñas.

Zapato burgués, besta d'andadura e amigo cruñés, pouco duran todos tres.

Acertijos.*

Alto está, barbas tèn, ri e guinda o que contèn.

— O ourizo, cand'abre e solta a castaña.

Cara à casa van pra o monte e cara ò monte vèñen pra a casa

— Os còrnos d'a cabra

Catro mirando pra diante e un pra tras, ¿qué será?

— O morto n'a caija, os tres que a lèvan e o crègo.

---

* Todos los que llevan un punto azul, asi como 15 mas del Cantigueiro, marcados de igual manera, fueron publicados en la coleccion de enigmas y adivinanzas que, en forma de diccionario, dió á luz en Sevilla, año 1880, mi amigo el señor Don Antonio Machado y Alvarez, bajo el seudónimo de Demófilo.

¿Como repartir doce cartos entre doce persoas, dando dous cartos á cada home, un ichavo á cada muller e un maravedí á cada rapás?

—Dès cartos á cinco hòmes, un ichavo á unha muller e seis maravedís á seis rapaces.

Corpo-bico non tèn cu, nin bico e o fillo do corpo-bico tèn cu e bico.

—O hòvo e o polo que sai d'o cascaron.

Chorín choraba, tras torres andaba e, se torres caía, chorín s'alegraba.

—A pòrca parida c'os seus pòrguiños.

Debaijo d'un pínguele-pínguele, estando un dúrmele-dúrmele, íba un fúnguele-fúnguele dereito á dúrmele-dúrmele; caeu estonces pínguele-pínguele e, espèrto dúrmele-dúrmele, matou á fúnguele-fúnguele.

—Era un pino; debaijo, durmía un hòme; acercousell'unha còbra e, caindo estonces unha piña, espèrta o hòme e matou a còbra.

Duas nais e duas fillas van á misa con

tres mantillas.

— Nai e filla; esta, nai á sua ves de nèta d'a primeira.

¿En que se parece un tísico á unha ermita?

— En que non tèn cura.

Estíras'e non chega e, se s'encòlle, sobra.

— Brazo e man, pra chegar à boca.

Fandunguete fandungaba e Rabilon miraba: ¿Como ll'iría á Fandunguete, se non fora o bugarete?

— O ráto, gato e bujeiro, ond'aquel se mète, chasqueando ò gato.

Leira blanca, semente negra, cinco cabezallas e unha chavella.

— Papel, tinta, dedos e pluma que n'o papel escribe.

Marcha pra o monte sòla e vèn pra a casa acompañada.

— A formiga.

Non tèn carne, nin costèla e, cando naca, oubéa.

— O pèido.

¿Onde puxo Dios as mans ò hòme?
— N'os brazos.
Pau sobre tèrra e sobre pau carne, plánchan ll'a cama á quèn mata a fame.
— O canizo, cand'as tèrras se cotean pra o millo.
Pelo por fòra — Pelo por dentro — Érgom'a perna — — Méto-a n'o mèdio.
— O pantalon, ou a mèdia.
Pucheiriño pequeniño — Garda rico manjariño, — — Nin cocido, nin guisado, — Nin n'o lar aferventado — E comido has de saber — Sin tenedor, nin culler.
— A nòs.
¿Qué cousa è cousa qu'anda co-as tripas arrastro?
— A agulla enfiada.
¿Qué cousa è cousa que bate c'o tras n'a lousa?
— A abella.
¿Quèn còme n'o cèo?
— Quèn reza o Padre-Nuestro
¿Quèn c'un dente chama po-l-a gente?

— A campana.

¿Quèn vai à ilesia con còrnos adiante e còrnos atras?

— O bonete.

¿Qu'è o primeiro qu'un fai, ò espertar?

— Abri-l-os ollos.

¿Qu'è o que nace n'a debesa, vèn à casa e còme co-a gente à mesa?

— As moscas.

¿Qué se precisa pr'abrir unha pòrta?

— Qu'esté cerrada.

Sai d'a casa caladiño e n'o monte dá en berrar.

— O machado.

Sai pra fòra encollidiño e vèn pra a casa estiradiño

— O adival.

Tèn pès e non anda — Alas e non vóa — Còme hasta fartarse — E mais non engorda.

— O pòte.

Un carballo con vinte pòlas, cada pòla con vinte niños e cada niño con vinte

gayos, ¿cantas uñas de gayo dan?

___ Trint'e duas mil.

Unha nai con sète fillas e a mais vèlla tèn menos dias.

___ A corèsma.

Unha pájara, májara, gorda, cèga e pintarrajada, paren pájaros, májaros, gordos, cègos e pintarrajados.

___ O morcego.

Unha vèlla arrugadiña, — N'o cuciño unha tranquiña — Que, se llà bica o señor, — Non asi o labrador — è bèn quixèra él, á fe — Adi vèñam' o que è.

___ A pesa.

¿Qué cousa è cousa que sal ò campo, pòn unha estaca e c'o bujèiro vólve à casa?

___ O cu.

Nace n'o monte, vai ò carpintèiro, vèn à aldéa e, on ves d'alegria, causa tristeza.

___ A tomba, ou caija, pra mòrto.

Trabalenguas.

Fío enguirguillado non se desenguirguilla bèn. Tranińa, a desenguirguilladeira, que o veña á desenguirguillar.

Gancho, reviragancho, que tanto revira gancheache, deija que te desreviragan chée co-este desreviraganchiño que teño pra desreviraganchear ganchos revira gancheados n'as ramas d'o carballal.

Ovelliña mèlia, pèlia, peluda, pelada e po-l-o lombo repimpinicada, ¿porqué non pariche-l-os teus fillos mèlios, pèlios pelu dos, pelados e po-l-o lombo repimpinica dos? Èn, cand'era ovelliña mèlia, pèlia,

pelusa, pelada e po-l-o lombo repim
pinicada, paría os meus fillos mèlios,
pèlios, peludos, pelados e po-l-o lom
bo repimpinicados.

Po-l-a ponte de Lugo pasou un lobo ru
bio, roendo n'un loro duro. Róe, lobo
rubio, róe, n'ese loro duro.

Meiguerias.

Boda, en dia d'enterro, ou bautismo, n'a parroquia onde se celebre, nunca boas resultas trai.

Pòrco que, por primeira ves, entre n'unha casa, pra quedar n'èla, untes'antes con allo e métase lógo d'espalda po-l-o portaí, ou pòrta; co-eso, non se desgraciará

Bótese algunha sal n'o leite qu'haja de levarse por riba d'auga, ou sitios en que corra esta; pois, de non botarlle sal, a vaca dará sangre en ves de leite.

Terá priguiza todo o ano quēn, por primeira ves, oise en aúnas canta-l-o cuco.

Cantos dias teña a lua, cando s'engerta un arbre, tantos anos tardará este en botar froito.

Masa feita con auga que recibis'o orballo d'a noite de San Juan, non precisa fermento pra levedar.

Falarán e andarán tarde os nenos de peito, se con tijeira, ou navalla, se lles cortan as uñas, mais non se se lles cortan c'os dentes.

Ningunha bruja qu'esté n'a ilesia poderá moverse d'o sen sitio se, concluida a misa, queda o misal aberto d'o lado d'o Evangelio.

Forno, posto n'o rescaldo á asar, erguese escontra o teito e'stala, si entra unha bruja n'a coziña.

Roupa seijada ò orballo d'a noite de San Juan, non s'appobilla.

Quen se pon á contar estrelas, espons' á gne verrugas lle nazan n'as mans, ou n'os pès.

Bendicions de certas mullères chamadas sábias.

Contra as lombrigas.

Fan-a formando cruces c'unha navalla en-as rias partes d'o corpo de quèn padece agnè-las e decindo, ademais, estas palabras: "Con ferro e acciro as lombrigas che bendigo. De nòve á oito, d'oito á sète, de sète á seis, de seis á cinco, de cinco á catro, de catro á tres, de tres á duas, de duas á unha e qu'esta sea a maestriña d'èlas todas. Con poder de Dios e d'a Virge-Maria. Un Padre-Nuestro e unha Ave-Maria."

Contra as velidas.

Botan sés graus de trigo en auga, tiran ò chan lògo um, agarran outro e co-el fan tamèn cruces d'esta maneira:

"Santa Lucía e Santa Rufina tres neveliños n'as mans tiñan; c'un tecían, c'outro urdían e velidas c'outro desfacían* S'es blanca, Dios t'espante; s'es negra, Dios te defenda; s'es rubia, Dios te confunda. Con poder de Dios e d'a Virge-María. Un Padre-Nuestro e unha Ave-María."

Acabada a bendición, quíndan o grau con que a fijèron e dicen vai a velida. D'os oito que n'a auga deijáran non fan caso, ou quíndan-os igualmente.

---

* Otras dicen: "Santa Lucía tres libros tiña; n'un lía; n'outro, escribía; e n'outro, velidas desfacía."

Contra
o fogal, fogaje, ou fogo ardente.

"O pái andaba labrando:
Leyoull'a filla o jantar.
Mirou pra o montiño Albar
E dijo: —¿Qué vèn alí?
—O que vèn è un fogo ardente
Qu'anda ahora po-l-a gente.
—¿Qué remèdio hai pra o curar?
—Unto de pôrco patente *
E auga de fonte eternal **
Con poder de Dios e d'a Virge-María. Un
Padre-Nuestro e unha Ave-María ***

As cruces n'esta bendicion fanas c'o unto de pôrco mollado n'a auga.

---

* Antes de descuartizar.

** Que nunca canse, ó deje de correr

*** Otras dicen: "Mor ardente qu'anda sobr'a gente, ¿con que se bendecirá? —Con miguiña d'unto de pôrco patente e folliña de figueira e terriña de toupeira"

Contra a disipêla.

"Disipêla maldita que n'a carne estás escrita e n'o corpo mal pareces, inda ti revelles, com'o barro n'as paredes."

Remèdios

Contra a acía.

Roer en crudo unha castaña virge, ou qu'estouvèse sola n'o ourizo

Contra a retencion d'orina.

Coller dês cebolas, tirar unha, coce-l-as nòve en auga e dar á beber d'êla ò enfermo, ou enferma.

Contra a sarna.

Manteiga fresca, collida en sábado, envólvase n'unha berza e entêrres' ô pê d'unha còl rubia a noite d'o mismo sábado; desentêrres' o domingo po-l-a mañan, antes de sali-l-o sòl, e, seguidamente, úntes' o corpo con êla.

Contra os ourizòs.

Facer cruces sobr'eles c'un dente d'allo.

Pra vaca primeira ves preñada.

Darll'á comer espigas de millo que teñan fillos; ê decir, espiguiñas pequenas á redor d'a principal.

Contra os sabañós d'os pès.

Fágase c'os pès unha crus sobr'un marco e dígansi estas palabras: "Marquiño que partes bès, partem'os sabañós d'os meus pès. Con poder de Dios e d'a Virgen María, un Padre Nuestro e unha Ave María"

O marco que s'elija debe estar en leira allea; pórque, de n'estar, os sabañós sairían de quèn os padecese e marcharían á algun outro individuo d'a sua familia.

Contra cèrtas enfermedades.

Coller auga bendita d'a pia d'a ilesia despois que'o sacerdote èrgue a hóstia e antes de que erga o calis.

Contos de rapaces.

I.

Mórriase de fame un lobo e, cansado d'andar po-l-os montes sin descubrir pisca de carne, topou, por fin, un burro; chegous'á él e con toda frescura díjolle:

— Morro de fame e vout'á comer.

— Por Dios non fagas eso.

— N'hai remedio; teño moita fame e convidados, ademais; con qu'asi tès ti que paga-l-o pato.

— Bueno; prò antes has de tirarm'un clavo d'esta ferradura.

— Tirarei: son cirujano e, en materia d'anatomia, non envidio á naide.

Puxos'à operacion e n'o millor d'èla, cando mais descoidado estaba, sacúdell'o burro

un par de couces, chantall'os n'a faciva con tan boa sórte que o deijou sin dentes, sin mòas e case que sin sentido.

Aparecen d'ali á pouco dous carneiros e, reanimado o lobo, díjoles en tono triste:

—Vósoutros á comer, que teño moita fame e convidados, ademais, que contan co-esta féista.

—Por Dios non fagas tal.

—N'hai remèdio.

—Sea estonces, pró á condicion de que nos hás d'ajudar á medir aquí un prado.

—Con grande gusto.

Mándan-o ò mèdio d'o prado, piñen se n'as esquinas os carneiros e, dando éstes a seña d'empeza-la medicion, bótanse lògo á todo correr dereito ò lobo, mètenlle varias cornadas n'a barriga e fòjen coma se lume n'o trás lles aplicára.

Tendido o lobo n'o chan, mal ferido e escunsolado, ébase cas' á morrer, cando vé de repente unha pòrca con seis pòr-

guiños de leite ò pè d'un rio. Levantouse co-
mo pudo e seguia-a; mais, conocendoll'ela
a intencion, díjolle:
—Lobo, antes de comernos, bautizam' estes
pòrguiños, que non quèro morran sin bau-
tismo.
—Falas bèn e ahora ch'os bautizarei.
Íbas'achegando él e, presenida a pòrca,
dalle, tan recia fuciñada, que o guindou ò rio
e escapa c'os bacuriños, mentras n'a anga pa
tujaba o lobo.
Desesperado este, rabiando cada ves mais
de fame, saeu d'o rio e, sabedor d'unha cor-
te d'ovellas qu'había cerca, metense n'ela.
Asustada-l-as ovelliñas, ò verse co-aquel ani-
mal en facha, e suspeitando, non sin razon,
que viña pra come-l-as, dícenlle pesa
rosas:
—Ja sabemos que vès pra nos comer: non
podemos librarnos; prò, antes, ajúdanos
á cantar o nòso enterro.
—Empecemos, pois, ajiña.

Empezaron á cantar todos; acuden ás estrafalarias vóces os donos d'as ovellas; entran n'a corte armados d'o que'á man bacharon e, embestindo ò lobo, dèronlle, tal palèrma, que ja non deseaba senon a mòrte, como que fijo, enfurecido e botando chispas po-l-os ollos:

—¿Quèn á cirujano me meteu, sin se-l-e?
¿Quèn á perito? ¿Quèn á crègo, pra bautizar e cantar enterros. Veña unha centella d'o cèo e mátem'ahora aqui, que vivir non quèro mais.

E a centella veu seguidamente e matou n'a corte ò lobo, de quen todos se burlaron.

II.

Había ala non sei ond'e en non sei que tempo dous hirmans, Bastian e Crispin. Bastian, de legítimo matrimonio e rico, prò moi simplòte e envidioso, por añadidura. Crispin, ilegítimo e pòbre, bèn que moi espabilado, entrevèrte e pillo. Casa dos ambos, vivian, pois, co-as suas respentivas mulleres, en condicions diferentes. O primeiro, en boa casa e con cartiños moitos que de seus páis herdára. O segundo, n'un pequeno chòpete e carecendo hasta d'o mais preciso, tanto que, dedicado á vender sardiñas, po-l-as aldeas, houbo d'empeñars' á fin de mercar un burriquiño que ll'as pòrteára.

Lògo que se veu c'un duro en ròda, dijo à sua muller:

— Pèpa, meu hirman èche moi envidioso e, tan pronto seipa que teño

besta, há de querer mercarm'a: mira o que discurrin, pra que m'a pague bèn. O nòso diñeiro è a ròda que ja sabes; cámbio-a en pesetas, doull'as á comer ò burro, entr'a palla, e, asegurando á meu hirman qu'o animal cisca pesetas, verás o que me dá por él.

— Ti jòga-l-o todo po-l-o todo. E ¿se sales mal?

— Deijam'á min. Sobr'un hòvo pòn a galiña.

Fijo, n'afeuto, que tragára o burro as cinco pesetas e, pasando co-el seguidamente por diant'a casa de seu hirman, saleull'ò encontro este e esclamou:

— ¡Mama, Crispin! ¡Conque ja tès un burro e eu non!

— Si, empeñándome pra merca-l-o.

— Véndem'o e mèrca outro.

— Sei o que teño e n'o vendo. Est'animal è a miña fortuna. Él non tardará en facerme rico coma ti.

—Pois ¿qué milagres òbra?

—Cisca pesetas e ahora o verás, que vai á gastear.

Gasteou o burro: registraron os dous hirmans e, topando ò istante entr'o gasto as pesetas que tragára, dijo estonces Bartian:

—Hirmanciño, véndem'o burro, que ch'o pagarei bèn.

—E¿canto me dás por él?

—Dareiche mil reás.

—Menos de dous mil n'o deijo e eso por ser pra ti.

—Vayan lògo os dous mil reás.

Cobrou Crispin os cartos, deijou o burro en poder de seu hirman e, volvéndos'à casiña, chamou po-l-a muller e díjolle:

—Pèpa, esta non salen mal. Aquí tàs dous mil reás que Bastian me dou po-l-o burro. Escrita ahora o que hás de facer cando veña á queijarse de que o engañei. Temos dous coellos iguales; prèndes un e unha còrdiña e áta-l-o ahí en calque.

ra sitio; o outro, lèvo-o eu que vou ò monte á cortar tojo e volvo lògo. Bastian, de seguro, preguntará por min; ti respònder que n'estou n'a casa, sólta-l-o coenlliño atado e mándasm'á decir por él que veña ajiña. Verémos como te sacudes.

Marchou Crispin pra o monte c'un d'os coenllos e Pepa quedou en ejecutar ò pè d'a letra o encargo d'o seu hòme.

Bastian por bèn que registraba e registraba sèmpre qu'o burro facía de corpo, nada mais qu'esterco descubría e asi non tardou en correr á casa de Crispin, por quèn chamou moi enfadado. Pèpa saleu à porta e, vendo-o ali c'o burro, díjolle, sin imutarse:

— Bós dias, Bastian. ¿Qué s'ofrecía?

— Qu'ahi ténde-l-o vòso burro e volverm'imediatamente dous mil reás qu'o teu hòme m'arrancou por él

— E ¿eso?

— Que desfago o trato, por engaño.

Teu hôme aseguroume qu'este burro era a sua fortuna, pois tiña a propiedá de ciscar pesetas: merqueill'o en tal concento e, des que n'o meu poder está, maldito unha me ciscou: conqu'asi, recolle-l-o burro e devolverm'os cartos.

— Crispin non ch'está n'a casa, eu nada teño que ver c'os vòsos tratos; prò entra, mandarei-n-o á buscar e falarás con él.

Entrou Bastian; desata estonces Pèpa o coenllo e, dandolle libertá, bota á fujir pr'onde se ll'antojou.

Crispin quedára en vir á almorzar; entrou tamèn á pouco c'o outro coenllo en brazos e preguntou à muller:

— ¿Qu'hai de novo, qu'est'animaliño chegou junt'á min correndo e díjome viñèse de contado à casa?

— Hai que teu hirman no quère o burro e pide a devolucion d'os cartos.

— Si, respondeu Bastian; mais, antes,

dime, Crispin. ¿È verdá que che levou reca
do de que viñèses es'animaliño que trás n'os
brazos?

— ¡Pois n'há de ser! Non temos outro cria
do, que somos pòbres: se fóramos ricos, co
ma ti, ja o teríamos; prò, amigo, n'hai
con que paga-l-o.

— Hirmanciño, vendem'ese coenllo.

— ¡Seiqu'estás tolo! Ti quères acabar comi
go. Non ch'o vendo: è un criado moi fiel
e nada nos còsta mais qu'algunha hèrbi
ña, con que se mantèn.

— Hirmanciño, véndem'o e perdónoch'os
cartos que po-l-o burro me levache.

— Vendereich'o, ja que tanto t'empeñas,
prò dándome mil reás.

— È moito, Crispin; non vale ese diñei
ro.

— Ja verás se o vale e inda mais.

Aprontoulle-poi-l-os mil reás e mar-
chou, levando o burro e o coenllo.

Chegado à casa e, alucinado c'o que

seu hirman ll'habia dito, fijoll'a conta òs criados, despideu-n-os e manda o coenllo c'o gando ò monte; mai-l-o animaliño, ò verse libre, fujeu, como fujira o compañeiro.

Pèpa moi contenta con tres mil reás que Crispin pescára ja á seu hirman e deseosa de non perde-l-os, dijo ò hòme, cando ll'os amostrou:

— Bastian háche de volver: preciso è armar-ll'outra.

— Còrre d'a miña conta e ti ajúdame.

— ¿Qué discurres, pois?

— Matamos ese carneiro flaco qu'está n'a corte, henchemos de sangre d'él unha d'as suas tripas e, cando pete à pòrta meu hirman, cingues ti a tripa ò pescozo; queijas'él d'o nòvo engaño, enfádom'eu contigo e, botan doch'a culpa toda, fago que te mato, dando unha puñalada n'a tripa; estonces ti qué daste coma morta; lògo, tòcoch'eu à orella unha gaitiña e vas pouco á pouco avivecen

de hasta porte de pè en frènt'á nòs; Entendes?

— Si, si; descoidas.

Bastian volveu, n'afeuto, à noite, queijándose de que novamente se ll'engañase. Mandára o coello c'o gando ò monte e nin arriba, nin abaijo parecía. Reclamou, de consiguente, os mil reás que Crispin maliciosamente lle levára e amenazou-n-o hasta co-a justicia. Crispin contestoulle:

— A malicia, ou engaño, que n'esto haja culpa será de Xepa, miña muller; pois bèn recordarás que n'a casa n'estaba eu cando s'á queijarte viñeche po-l-o burro.

— Tan bó ès ti com'a tua muller.

— Vou á mata-l-a, pra que vejas e non digas que trato d'engañarte.

— Tanto coma eso, non.

— Si; vai á morrer.

E, tirando de navalla, pínchall'a trìpa de carneiro, chèa de sangre, que pòsta ja ò pescozo tiña Xepa. Caíu esta n'o chan ò gòlpe, coma se a matáran.

Bastian estonces, abalando e arrepentido d'o paso dado, non sabia case que decir; mais Crispin, co-a navalla n'a man tinjida en sangre, dijolle:

— Ja ves que, por causa tua, matei à miña muller. ¿Qué vai á ser de nòs ahora?

— Crispin, perdóname, respondeu Bastian, abrazándo-o. Renuncio os mil reás; prò ti estás perdido; fijèch'unha mòrte e, de seguro, vas pra a carzle.

— Nòn o penses, que teño ahí unha gaitiña e, en tocandoll'a catro, ou cinco, veces á Pèpa, há de resucitar.

Troujo Crispin un como pínfano de bujo e, meténdoll'o case dentro d'un oido à muller, empezou tu, tuturutu. Èla, òs primeiros tòques, non daba señal de vida; tampouco òs segundos, nin terceiros. Bastian, fijo-l-os ollos en Pèpa, coidaba ja que non volvía en si. O cuarto tuturutu, empezou á mover un algo o corpo e dijo Bastian:

— Tòca, hirmanciño, tòca, que ja rebòla.

Dou estonces Crispin quinto tuturutu, que fòi o mais repinicado, e levantouse supetamente a fingida mòrta, deijando á Bastian c'um palmo de boca abèrta.

Lògo que a cerrou e non escramentado ainda d'as jogarretas de seu hirman, díjolle con lastimeira fala:

— Crispin, véndem'esa gaitiña.

— Ti quères acabar comigo, quitarme todo-l-os mèdios de vivir. Non ch'a vendo.

— Hirmanciño, véndem'esa gaitiña.

— E ¿canto me dás por èla?

— Dide ti, qu'eu bastante fago se me defendo.

— Dois vale dous mil reás e nada menos.

— ¿Nada menos, Crispin?

— Nada menos.

Entregoulle Bastian os dous mil reás e fòise pra a sua casa co-a gaitiña.

Un día incomodouse co-a muller e, tratando de a castigar, doulle unha puñalada que a deijou realmente mòrta, sin

que, pra resucita-la, se nada a gaitiña lle sirvise. Anojado estonces de veras contra Crispin, enterrou, non sin cuantiosos gastos e disgustos, à difunta; presentouse lògo c'un saco grande en casa de seu hirman e dijolle enfurecido:

— Mal hirman, estafador d'o meu diñeiro, ahora si que chegou a tua; vas á morrer afogado, po-las moitas veces que m'engañache. Métet'aquí n'este saco.

— Hòme, bèn.

Meteuse Crispin n'o saco, atou-n-o Bastian seguidamente e, botandos'a carga ò lombo, marcha co-èla dereito á cèrto pozo moi fondo, d'entrambos conocido. Mais eiquí que, pasando ò pè d'unha ermita, tocou ali á misa. Quixo Bastian vi-la; pousou sobr'unha pèdra a carga e, dejando-a así, entrou n'a capilla. Crispin, namentras, non facía senon berrar: ¡Ai de min! ¡Ai de min!

Un arreciro, qu'iba ò tanto por aquel camiño, oyeu os layos, acercous'ò saco e preguntou ò que dentro d'el estaba:

—Meu hòmiño, ¿ gué lle sucède ? ¿ Dr'onde o lèvan se tan mala sòrte ?

—¡ Ai! Lèvan'á casar co-a filla d'o nòso Bei. e, com'eu non quèro, vou à forza.

—Hòme, ¡ gué tonto è! Cambeemos e lèves'usté a miña rècua e odres de viño que n'èla van.

—Feito; abra o saco pronto.

Desátall'a barara, pois; sale d'a prisión Crispin e, pòsto o outro n'o sitio d'él, ata bèn o saco e, dando brincos d'alegría, mareha prax a sua casiña co-a rècua e odres de viño d'o enviizoso arreeiro.

Bastian, ò que s'acabou a misa, saleu ta mèn d'a capilla; bótas'outra ves a carga ò lombo e, chegando ò pozo, guindou-n-a n'él, afogando, non á seu hirman, e siá quèn ind'o enviguecía, tanto qu'ò verse n'o lugar con rècua pròpia e odres cheos de bó viño, a muller ría coma unha descosida e aconsèlláballe fijèse de contado un meson con cuadras grandes pra as bestas; os veciños pasmábanse, chamábanlle ja señor

Crispin e Bastian mismo, noticioso que fôi d'a
volta d'este, correu á que o enteirase de como
sucedera aquelo.

—Crispin, ti é-l-o diaño, lle decía. ¿Non ibas
n'o meu saco? ¿Quèn, senon eu, te levou o lom-
bo e n'o pozo guindou a carga?

—D'ese pozo viñèron rècua, odres e viño, que
ti non majinabas, e machos millores qu'os qu'eu
tróuguen s'atöpan n'o seu fondo.

—Firmanciño, volvamos alá os dous, que quèro
unha rècua coma a tua.

—Envidioso fuche sempre; todo quères e todo
che sale mal. Mañan, pois da madrugada ira-
mo-l-os dous ò pozo e mira que, se d'esta
tampouco sales bèn, escusas de virm'à pòr-
ta queixándote d'engaño, cal hás d'oito.

—Firmanciño, faim'este favor, que nou
virei, suceda o que suceda.

O dia siguente, ò raya-l-o sol, Crispin
preparou a sua rècua, monta n'un d'os
machos e, chegando à casa de Bastian,
que ja n'a pòrta o agardaba, dílle:

— Sube á calquera d'estes machos e vamos lògo ò pozo.

Montou Bastian n'o que millor lle pareceu e, pòstos á camiño entrambos, non tardaron unha hora en estar ò pè d'o pozo. Apearons'ali n'un campo, levou Crispin á bebe-l-a rècua, que n'a auga d'o pozo se dibujaba, e dijo á seu hirman:

— Mira canto macho asoma por aqui.

— Parecen os mismos teus, contestou Bastian, mirando.

— Os meus non estan n'a auga.

— Hòme, eso è verdá.

— Pois á busca-l-os, añadeu Crispin.

Guíndase Bastian ò pozo, com'un atolandrado e, dando vòltas n'auga, sin saber nadar, afogou ò istante. Crispin estonces sinteu especie de remordemento, de que pouco se coidou; prò, falando consigo mismo, dijo: "O envidioso morreu; basta de falcatruadas, fagamo-l-o me son que m'aconsella Pèpa"

E esto decindo, tornou pra o lugar á pè, fijo o meson, juntou riqueza moita e acabous' o conto.

III.

Eran tres hirmans moi pòbriños; Albèrte, o mais vèllo; Pedro, que lle seguia; e Janiño, o mais novo. Digo pòbriños, porque solo lles tocára en herència de seus páis, á Alberte, un galo e unha carreta; á Pedro, unha esqueira e á Jan, un fouciño. Vivian juntos n'unha casúpa que veciño honrado lles proporcionára; estaban os tres solteiros e, véndose con salú e en boa edá, pois ind'o mais vèllo non cumplira dezanòve-anos, trataron d'irse po-l-o mundo á probar fortuna. Botaron sòrtes, pra saber quen habia d'ir primeiro; tocoull'á Albèrte; colleu este o galo, púxo-o n'a carreta e, des-

pedindos' un Dia de seus hirmans, fòis'an
da que t'anda e, chegada a nite, sin outro
alimento que un poneguiño pan d'o que
n'o morral metera, entrou n'unha pou-
sada, onde, ceado gu'houbo cunca de cal-
do gu'ali lle dèron de caridá, dijo ò pou-
sadeiro, á tempo que sitio lle señalaba
pra deitarse:

— Espertaráme cedo, s'eu non espèrto, gue-
teño gu'ir á cata-l-o Dia de mañan.

— Bèn está.

E deitous' Albèrte; mais, ò canta-l-o
galo dentro d'a carreta que deijára ò pè,
èrgues'o mozo sin perguiza e, ouservan-
do o pousadeiro gu'à carreta se dirigia,
preguntolle de repente:

— ¿Cáta-l-o Dia ahí?

— Si que o cato. Aqui o leivo.

— ¿Canto gnères po-l-o galo e po-l-a
carreta?

— Dous mil reás

— Non pides ponco.

— È toda a miña herència.

— Toma lògo os dous mil reás.

Doull'os o pousadeiro, quedandose con ambas cousas, e Albèrte volveu pr'ond'á seus hirmans, decíndolles, ò que chegou:

— Dous mil reás è canto trayo. Ide vòs á gana-l-a vida, qu'eu d'a miña pòbréza non pòdo repartir.

Marchou Pedro co-a esqueira ò lombo e, pasando por diant'o palacio d'o Rei, asomado á unha ventana, púxos'á mirar pra él coma un pàsmon. Notou-n-o o Rei e dijolle:

— Tu-El de la escalera, ¿como te llamas?

— Pedro, pra servir á Dios e á Sua Real Magestá.

— ¿Desempeñas algun oficio?

— Sèpa Sua Real Magestá que si; endereito cricas tòrtas.

— ¿Qué dice?, preguntou o soberan á un personaje gallego, con quèn estaba.

— Que endereza narices tuertas, Señor.

— ¡Ah!

E, volvéndose ò d'a esqueira, continuou:

— Pedro, entra aqui en palacio y enderreitarás la crica á la Reina, mi mujer, que la tiene tòrta.

— Correndo obedezo á Sua Real Magestá.

Entra Pedro n'a real morada; deijar a esqueira n'un rincon, chega hast' ò mismo Rei; que ja dèra órden de què nadie lle puxès' impedimento, e dill'o monarca ò rapás:

— Desgraciado de ti, si no lo haces bien

— Respondo d'a operacion; prò tèn Sua Real Magestá qu'encerrarnos à Reina e à min n'un cuarto tres dias con tres noites, darnos de comer por unha reija, pagarm', ademais, o meu traballo, que serán oito mil reás, e, pasado-l-os tres dias, deijar à Reina sòla durant'un mes, á fin de que non se lle volva á torce-l-a crica.

Acetou-o Rei as condicions d'o trato,

sujetous'a Reina á èlas, botou Pedro tres dias de vida moi regalada e, pasados, cháma-o o Rei, còbra o seu porqué e sale de palacio, sin olvida-la esqueira que novamente colleu ò lombo. Á pouco, presentous'a Reina queijandos'enfurecida d'a burla que Pedro fijèra d'èla, pois, se tòrta tiña a crica, tòrta seguía téndo-a. O Rei pateaba e, vendos'os dous burlados, despacha sin dilacion un monteiro ácabalo, pra qu'ò embaucador lle troujèse, ou sua cabeza.

Pedro, que paso á paso iba camiñando dereito à aldea onde seus hirmans quedáran, sinte prèto de si un cabalo á escape, arrima estonces a esqueira á un muiño que tiña ò pè, sube á él e pons'á figurar que retella. O ginete, ò ve-l-o, detúvos'e preguntoulle:

— ¿Vió V. pasar por aqui á un joven con una escalera al hombro?

— Sis eñor; pasoull'hai un istante.

— ¿Lo alcanzaré por este camino?

— Vejo varios e, quezais, non sea ese ò que levase. Quédes usté aqui retellando en meu

lugar e poida que o atrape eu.

— És que no sé retellar.

— Èlle fazle; mire usté pra min; c'unha te lla partir outra; asi.

E parteu algunhas tellas.

— De esa manera, no hay inconveniente.

Apeouse lògo o melitar, cambéa de roupa con Pedro, dall'o armamento que traía e, pòsto o último ácabalo, bota á galòpe cara á casupiña, onde chegou dcindo á Albèrte e á Tan:

— Vito mil reás, este cabalo, esta roupa, esta fornitura e estas armas è o que trayo. Vaite, Tan, á ganal-a vida, qu'en d'a miña pòbréza non pòdo repartir.

Marchou, por fin, Tamiño, o mais nòvo e pòbre d'os tres hirmans, pois dito queda qu'a sua legitima era sòlo un fouciño e co-él su brazo parteu en busca d'amo á quèn servir. Topou un; pixolle por condicións que n'había de comer mais que pan e pòvo e, o primeiro dia que s'enfadára,

consentir lle tirasen d'o lombo unha corréa de dous dedos. Acetou Janiño; prò, non resistindo o traballo senon tres dias, enfadous' ò cabo d'eles. Chamou-n-o estonce-l-o amo á un cuarto, fijoll'a conta e tiroulle lògo d'o lombo a corréa n'o ajuste estipulada. Janiño quedou moi lastimado, volveuse choroso à casa e, contando á seus hirmans a desfortuna que n'o mundo hachára, dijolle Pedro ò punto:

— Lèvam'ond'á ese teu amo á quèn serviche, que quèro ir á servi-l-o eu, por ver se mais afortunado son que fuche-ti.

Vans'alá os dous hirmans: ajustouse Pedro baijo as condicions mismas con que o servira Jan e, à primeira comida, presentoull'o amo unha bola e un òvo; mais Pedro co-a quel òvo comeuse toda a bola. À segunda comida, doull'outro òvo e, como miga de pan non tiña ja, tróujolle tamèn segunda bola que comeu d'igual maneira. Dous dias aguantou o amo esto: o terceiro, dijoll'à sua muller:

— Este criado sal caro e hai qu'armarlle pra
despedi-lo sin enfadarnos.
— Mándalle traer un carro de leña d'a mais
vòrta qu'haja.

Fijo-o asi o hòme e Pedro tróujolles un
carro de cepas vellas. A muller, vendo que
desempeñára o mandado, sin enfadarse, sol
ven á decir ò hòme:
— Ahora, mándalle traer outro de leña moi
dereita.

Mandoull'o tamèn asi e Pedro tróujo-
ller inmediatamente un carro de cóles.
— Tampouco s'enfada! Qué demòvo! es-
clamou a ama e añadeu: Non sei se lle
mandemos sementa-l-o trigo.
— Si; ahora mismo, respuso o hòme e, cha-
mando po-l-o criado, díjolle:
— Pedro, vas á sementa-l-o trigo: leneh'uns
catro sacos, po-n-os n'o carro, lèva n'él
tamen o arado e conta con qu'antes d'a
nuite hás de ter concluido este labor.
— Bèn está.

Fóise con carro, arado e saos de trigo pra a leira. Almorzou ali o de costume, durmeu un par d'horas, mentra-l-os bois pacian pron de lles daba a gana; jungueu-n-os lògo, abreu un rego n'a cima d'a leira, dous n'o mèdio e outro n'o fondo, esparjeu en cada surco un costal de trigo, jantou com'almorzára, durmeu outras duas horas e dou volta pra a casa inda nun de noite. Óye-l-o entrar o amo, díjolle de cachete:

—Pedro, ¿qu'eda sementada a leira?

—Siseñor e de man d'amigo.

—Pois ahora tès qu'ir á vende-l-os bois.

—Bueno. E¿; en canto os hei de vendar?

—N'o que poidas, asegun vejas tia feira.

Saleu pra esta c'os bois e, ò primeiro comprador que se presenta, pídelle dous mil reás, còlas libres. O comprador, ò que tal oyeu, íbase, sin facerll'apenas caso; prò él, mentira abaijo, mentira arriba, pon dèra que te pondèra os bois, arranca-ll'os dous mil reás e díjoll'; ò cobra-l-os:

— Colas libres, s'entende.

— Escht. En cant'á eso, respondeu o comprador, unha ves que os compro pra matar, levará-las.

E, cortándolle'as ós bois, doulle'as seguidamente ó vendedor.

Satisfeito Pedro d'a sua venta, tórna pra a casa c'os cartos n'a faltiqueira e, n'a man, os rabos, espeta os últimos n'unha tremesiña, deijando as serdas fóra e, continuando a marcha, encara á pouco c'o amo que lle pregunton:

— ¿Vendiche, Pedro?

— Nonseñor; pois, pasando po-l-a braña, empeñaronse en bebe-l-os bois e ali quedaron enterrados.

— Parécome que eso n'é verdá.

— Se n'a quere creer, n'o crea, ou veña á ve-l-o por seus ollos

Córren os dous ó pé d'a braña e ali, agarrando Pedro ó amo por un brazo, díjolle:

— ¿Vé usté as puntas d'aquelas cólas?

— Vejo.

—Pois sonll'as d'os seus bois. Faga, se gurta, a prèba de turrar por èlas, á ver se os desentoña, qu'eu á tanto non m'estreso.

—Ñin eu tamponco, contestou o amo.

E volvéronse pra a casa entrambos; Pedro, interiormente moi alègre; seu amo, mordendo os beizos, reprimindo a còlera que demostrar non lle conviña.

—È un pillastre e non podemos desfacernos d'el, dijo lògo despois à muller.

—Cala, replicou èla. Fèmo-l-o de mandar con mità d'a asenza junt' ò oso.

Mandáron-o tamèn alá; mais Pedro e o oso fijèronse de pronto amigos e o segun do dijo ò primeiro un dia:

—Ajúdam'á levar este caldeiro d'anga.

—Basto eu solo, contestou Pedro

—Pra outro tanto son eu, replicou o oso e leva un o caldeiro él sòlo.

—Ahora, volven á decir aquel, mudarémos estar trabe, se che parece.

—Basto eu solo, repiteu Pedro.

—Non m'asusta, añaden o oso, e solo lle vou igualmente a trabe.

—Pois á ver ahora quèn tira pèdras mais longe.

Pedro collen un pájaro e meteu-no n'a faltiqueira. Tira unha pèdra o oso e, como caíse prèto, solta Pedro o seu pájaro e marcha hasta non souperon onde.

—Ahora, Pedro, vamos á recoñece-l-a aventura e ver cales son as ovellas tuas e cales son as miñas.

—As miñas, repuxo Pedro, tèñen debaixo d'o rabo un bujeiro.

—¿Lògo son tuas todas?

—Se tèñen ese señal, si.

È, como o bujeiro á ninguñha lle faltase, resultaron todas de Pedro. Seguidamente, preguntoull'este.

—¿Qué vamos á facer ahora, meu oso?

—Ahora vamos á facer un pòte de papas e come-l-as, cunca á cunca, hasta ver quèn còme mais.

—Acèto

Fijèron o pòte de papas e, sentados á
corne-las, o oso iba, cunca por cunca, bo-
tando-as n'a barriga, mentras Pedro, cunca
tamèn por cunca, botaba-as todas n'un fòl,
pòsto debaijo d'a camisa. Dado fin às papas,
sin que ningun ganase, propuxo o oso:

—A ver ahora quèn còrre mais.

Aprèta Pedro á correr, encara c'unhas
mozas que lavaban n'un regueiro e dí'lles:

—Prestádem'unha navalla, se as tendes.

Prestaron-ll'a e, pinchando co-èla o
fòl de papas que sobre-si levaba, dèron
en caír estas po-l-o chan e él corría á
cada paso mais ligeiro. Chega d'alí á
pouco o oso e pregunta as lavandeiras:

—¿Vistes pasar á un hòme por aquí
correndo?

—Si e, por cèrto qu'iba ciscando papas,
pois furous'ahí a barriga c'unha nava-
lla que nos pidèn prestada.

—Prestádeme tamèn á min esa na

valla, que vou á face-l-o mismo, por se corre mais.

Prestaronll'a igualmente e, meténdo-a o oso con toda a sua forza n'a barriga, caén mòrto ò pè d'as lavandeiras.

Pedro volveu lògo atràs, doull'ò oso mòrto unha patada, puxo en seguro a avenza e fòis'á casa de seu amo que lle preguntou, ò ve-l-o:

—¿ Aunentouch'a avenza ?

—Siseñor, un doble, de modo qu'ahora è miña toda.

A ama, ò saber tal, trimaba e, chamando á parte ò hòme, dijo:

—Fáill'a conta á Pedro. Él veu á servirnos cando cantaba o cuco: vou á cantar eu n'un arbre, remedando-o, e estonces dísslle ti: "Pedro, o ano tès concluído, que ja canta o cuco."

Armada d'esta sòrte a trampa, fáis'o qu'a muller propòn, e é o criado n'o arbre ò ama e, respondendo ò

amo "nunca en janeiro cantou o cuco", agarra unha carabina, apunta, dispára e mòrto caéu n'o chan o falso cuco.

Enfadado, moi enfadado o amo, bótas'ston ces sobre Pedro e bèrralle:

—Pícaro, ¿ qué fijèche?

Pedro contestou con toda calma:

—Ta qu'è usté o que primeiro s'enfada, vamos á facer contas ò cuarto, qu'eu tamen deséo irme; prò tirou d'o lombo de meu hirman unha corréa de dous dedos e de catro ahora vou en á tirarll'a á usté.

Dito e feito: ajustadas contas, Pedro tirou lle d'o lombo catro dedos de corréa e marchou ò punto pron d'á Albèrte e Jan c'os dous mil reás d'os bois vendidos e as ovellas todas de seu amo qu'ind'hoje non morreron.

Mais cánticas e outras poesías populares.

I

Antes qu'á falar te poñas,
Pensa n'o qu'has de decir,
Que moitos, de non pensa-l-o,
Chegáronse á arrepentir.

Non quèro papas con unto,
Nin rabizas con aceite;
Non quèro ter man de cabra
A qu' outros mamano leite.

Con dispensa non me caso,
Porque sei qu'á Dios ofendo.
A dispensa non me tira

A sangre de donde a teño.

O pantrigo sabe bèn;
¡Dichoso de quèn o còme!
Muller bonita casada,
Fortuna para o seu hòme.

O gaiteiriño sin gaita
Non tèn donaire, nin sal;
Fai coma a muller sin rôca,
Que maldito cousa val.

A moza qu'è caladiña
E non di mal de ninguèn;
Canto mais baijiño mira,
Tantos mais amores tèn.

Unhas nena foi a causa
D'o meu tropezar primeiro.
Ò cabo de nôve meses,
Èla pesada, eu ligeiro.

Manuel, ti andas n'o monte
Co-a roupiña remendada:
Dèijate, Manuel, andar:
Quèn mal anda, mal acaba.

A muller que sea miña
Há de ter nalgas de pau;
O corazon, de manteiga;
O corpo, de bacalau.

Onde vires moito fume,
Nón te vayas á quentar,
Que leña verde ali arde,
Ou morriñada d'o anllar.

Catro cousas quèr o amo
D'o criado que o sèrve:
Tard' à cama, erguerse cedo,
Comer pouco e andar alègre.

Custureira, pan n'a criba;

Fecelan, pan n'o fëar;
Carpinteiro, mesa pōsta;
Canteiro, pòte n'o lar.

A marran, de tres semanas;
O cabirtiño, d'un mes;
A meniña, de quinz'anos
E o galan, de vint'e tres.

II

Prende, salgueiriño, prende;
Prende de pōla n'a lama;
Tamèn meus ollos prenderon
N'o corazon d'unha dama.

O dia que m'eu casei
Bauticei tamèn un fillo;

Fijen suas festas n'un dia;
Matei sous pombos d'un tiro.

Angu'a muller se me morra,
Por ela n'hei de chorar;
Hei de chorar po-l-os cartos
Qu'o crego m'há de levar.

A miña muller è vella;
De vella, cáisell'o coiro
È gardo-o par'un pandeiro
Qu'hei de tocar po-l-o entroido.

A miña muller morreu;
Enterrei-n-a n'o palleiro
È chôran-a ali os fillos,
Mentras eu tôco o pandeiro.

Algun dia, algo, algo;
Agora, malpocadiño!,
Ja me non quêren as penas,

Porque vou acabadiño.

III

Teño cinco justilliños,
Todos cinco embalenados.
E cinco amores tamen;
Catro, vivindo enganados.

Casáime, meu pai, casáime.
—"Miña filla, non hai roupa."
—"Casáime, meu pai, casáime,
Qu'unha perna quenta á outra."

Santo Domingo querido,
Dádem'un homiño, sabe,
Que vo-l-o veño á pedir
Con moita necesidade.

Non quèro zapato baijo,
Que se m'entèrra n'a aréa;
Non quèro amores de longe,
Que os teño n'a miña aldéa.

Soliño un amor en tiña,
Un soliño nada mais
E, por desventura miña,
Fóisem'alá para Cáis.

Eu caseime n'a montaña
C'o fillo d'un montañés:
Ahora, miñas colores,
N'a montaña quedarés.

Sempre suspirei, de moza,
Por un guapo labrador:
Ahora tamen o teño
Borrachon e jogador.

Vóume por aqui abaijo,

Fiando n'a miña rõca
A teiña ja'stá urdida,
Fáltam'unha mazarõca.

Non teño cõsia que por,
Nin camisa que vestir:
A culpa è d'os meus ollos
Que non fan senon dormir.

IV.

Non me namora o teu ter,
Nin a tüa bonitura,
Namõram'aquel salero
Con que te plantas n'a rüa

S'o casar fora d'un dia,
Ou d'un ano tan siguera,
Casáram'eu, churrusqueira,

Por sabe-la vida qu'era.

I

Debaijo d'as oliveiras
Non chòve, nin cai orvallo.
Rapaza, s'has de ser miña,
Non me dés ja mais traballo.

Chamácheme Pito-cairo,
Porque nacín en janeiro.
Se m'o raposo non come,
Hei d'ir cantar ò poleiro.

Cal n'a fonte, cal n'o rio,
Tópote sempre lavando.
Meniña, ti te-l-o diaño,
Ou seique m'andas tentando.

Dices que non teño crus
Para reza-l-o rosario.
Cásate, miña meniña,
E terás crus e calvario.

V.

Teño unha hèrba n'a horta
Que lle chaman corrcòla.
Para falar ti comigo,
Comprech'un ano d'escòla.

O cariño que che teño
É mai-lo que ch'hei de ter
Caben n'a folla d'un fènto*
É há de quedar sin hencher.

Eu bonita non che son;
Rigueza non ch'a heredei.
Dime ti, aqueloutriño,
En que modo te'agradei.

As tüas festas, rapás,
Lèvan algo de veneno;
Pórque, cando ti m'as fas,

*Otros dicen: "n'a casca d'un òvo"

Eu non sei que diañu téño.

II

As túas festas, rapás;
Non che me son nada bóas,
Porque, cando ti m'as fas,
Todo o corpo m'afervóas.

Se quès que de ti m'acórde,
Déijam'unha cousa túa;
Déijam'a túa navalla,
Para sega-l-a verdura.

Olvidácheme, por pobre;
Eu á ti, por un ninguèn.
Nósas contas estan feitas:
Cada un garda o que tèn.

"¿Porqué non te casas, Pepe?
¿Porqué non te casas, hóme?
—Porqu'á que cumplas aguardo
Ti, meniña, os dezanóve."

VI.

Feriñas me dan, ò almorzo;
Ò jantar, peras me dan;
A merenda, dámme peras;
A cea, peras sin pan.

Cando pasei por aquí,
Castillo, vinte caído:
Ahora volvo á pasar
E ja'stás fortalecido.

Quixen t'un dia falar;
Non m'asisten a fortuna.
Ahora, por te non ver,
Vou de paséo à Coruña.

D'aquèla ventana d'ouro
Bèn vejo a tüa de plata.
S'o teu corazon non chora,

O meu tampouco se mata.

Olvidácheme; olvideite;
Metinche pallas n'os ollos;
O dia que m'olvidáche
Ja tomei amores novos.

Teño un pesar coma un puño;
Con chorar non fago nada;
Heime de poñer un luto
De bayeta colorada.

Canta, se quères cantar
E, senon, bate a cabeza,
Qu'esta miña gargantiña
Non se fixo pra a lebesa.

Eu caseime n'a montaña,
Porque había moito pan:
O forno de miña sógra
Bota silvas polo cran.

Éu caseime n'a alleira,
Pórque había moitos allos:
Ahora vaisem'o tempo
En colle-los e sembra-los.

Roupiña de Secotió,
Esclaxiña e remendada,
Quèrote mais, miña roupa,
Qu'a millor prenda de garda.

VII.

Avisa a gaitiña, Pedro,
Qu'ela vai amortujada
É as rapaciñas d'a Vila
Quèren-a mais avisada

Nósa Señora d'o Amparo,
Amparám'á min primeiro,

Que son filla d'unha pobre,
Miña nai non tẽn diñeiro.

Santa Justa de Moraña,
Co-esta veliña n'a man,
A pedirvos veño un hòme
Que faga tremba-l-o chan.

Fun á San Andres de longe
C'a cestiña n'a cabeza:
Fun por tèrra e vin por mar.
O santo che m'o agradeza.

Miña Virgen d'o Corpiño,
Est'ano alá eu non vou,
Que, po-la falta d'os cartos,
Moita gente se quedou.

Ò San Bastian curramos,
Á cima d'o Pico-Sagro,
Para ver cal raya o sol

N'a cündá de Santiago.

A aldéa de Vilancosta,
De longe, parece vila
Co-aquèlas casiñas nòvas
Que tèn d'o lado d'arriba.

A aldéa de Vilancosta
Pasei-n-a de madrugada:
A aquèn eu queria ver
Inda quedaba n'a cama.

A aldea de Vilancosta
Pasei de noite por èla;
Maruxiña n'a ventana
Alumbroume c'unha vèla.

VIII

Os estudiantes d'ahora

Son pobres, non tèn diñeiro;
Mandan sola-l-os zapatos
Con tonas de castiñeiro.

Acabarons'as castañas;
Secaron os castiñeiros.
Digamos todos á unha:
"¡Vivan os mozos solteiros!"

Vereiriña de Donguindo,
Heiche de dar un asalo
E, se non solta-l-as peras,
Lògo ch'arrimo o machado.

A Cristo San Juan pideulle
Qu'o sono non o levase,
Para ver baila-l-o sol
O dia d'a sua romaje.

Unha vella dijo á outra,
Do-l-o burato d'a pòrta:

"Válgate Junca-l-a vèlla
Case-te-l-a crica tòrta "

Unha vèlla fijo pápas;
Botoullas o pòte fòra.
Hai cèn anos que foi esto
É mais ind' a vèlla chòra.

A muller de Bogue-Frogue
Leva sin faldra a camisa:
Se Bogue-Frogue ll'o sabe,
Nón se vai á ter co-a risa.

A muller de malpocado
Está bailando n'a eira
É malpocado mirando
Como a muller se peneira.

Dormido n'a miña cama,
Soñando en miña ventura,
Unha pulga dóum'un couce;

Guindoume n'a sepultura.

A castaña n'ö ourizo
Eu bẽn vos sei o que fai:
S'ẽ gu'está verde, madura
E se 'stá madura, cai.

D'o quèijo non che me quèijo,
Eu'o quèijo bèn che me sabe;
Quèijome de quèn o vende,
Que non m'o dèija de balde.

Váite s'ahí, Pedro-Chosco;
Non m'engañe-l-a criada,
Que n'a calzas, nin a vèstes,
Nin lle paga-l-a soldada.

Moito te precëas, guapa
C'un amor que ja foi meu.
Ahora zúgall'os hõsos;
A carne znguèilla eu.

¡Canto te precëas, guapa,
C'un amor que ja fôi meu!
Queira Dios que che suceda
O qu'á min me sucedeu.

II.

"Mociño, que tan bèn falas
E a roupa moito che senta,
¿Pudèra aqui en saber
Onde' stá o sol que te quenta?"
"En busca d'él hoj' andaba,
Rapaciña feiticeira,
E, onde ti' stás, él está;
Quipèra-o n'a miña eira."

"Moito cantas, moito bailas,
Moito toca-l-o pandeiro.
Eses son os becerriños

Que che vejo n'o quinteiro."
"Se tí os tès, faladora,
O porveito será teu.
Bendas non sei que t'acóiten
E solteira, coma eu."

XI

"Anque decí-lo non deba,
N'o que che digo, non minto:
Se parases unha tarde,
Toparías trigo limpo."
"Tratando de trigo, nena,
De trigo limpo, rapaza;
Tratando de trigo limpo,
Gústam'o d'a tüa casa."
"O trigo de que me falas,
O trigo d'a miña casa,
Anque ch'o laven e laven,

De centéo non che pasa!"
" O trigo d'a tüa casa,
Anque se volva relon,
O trigo teu, rapaciña,
Gústame n'o corazon!. "

XI.

Para qu'o hòme ande lèlo,
Düas cousas hai n'a tèrra;
Muller moza e viño vèllo.

Caravel que me recèndes,
Pensaba de te comprar
E sospècho que me vèndes

Alegria, Madanèla,
Qu'ahora ja nos van dando
Os aires d'a nosa tèrra.

É, poi-l-o sol tèn mullèr,
Un amoriño qu'eu teño
Há de ser meu, se Dios quèr.

N'o mundo, miña pequena,
N'o mundo non hai traballo
Que para os homes non veña.

Meniña, ti tè-l-o téo:
Dórmes moitas noites fóra,
Levada d'o parrafeo.

Moreniña com'o trigo,
Se non te rouban de noite,
De dia, non tès peligro.

Canta, se quères cantar,
Que, s'estuvèras n'o muiño,
Non t'habías de rogar.

Non botes tanto por èla,

Lu'a palla que tẽs n'a eira
Béjech'a a miña cadèla.

Adios ti, meu garandujo.
Angue me vou d'esta tèrra;
Angue me vou, non me fujo.

Adios, adios, miña amada.
Onde n'hai gusto, meniña,
Onde n'hai gusto, n'hai nada.

Quèrote bèn, non hai duda.
Enterrarémonos ambos
N'unha mesma sepultura.

XII.

Non me mandes, qu'eu irei;
Non me poñas coidadiño;

Coidadiño, eu-n-o terei.

Ò miiño non quèro ir,
Que me siguen as pisadas
E algun dia hei de cair

Ò meu cantar ja non viste;
Canto, para que non digan.
"Alègre, ¿Porqu'estás triste?"

A gracia de cantadora
Perdín-a, triste de min,
Sendo n'o monte pastora.

Fillo d'un hòme de bèn,
Se vès aqui por te rir,
Sèicheme rir en tamèn.

Moitos pastres fan un hòme.
Algun dia eran vinte,
Ahora son vint'e nòve.

Meu amor vai en Granada:
Mentras meu amor non veña,
Non poño còfia lavada.

Terra fría non dá pan.
As meniñas d'a ribeira
N'a montaña non s'afan.

Farruco meu há de ser,
Que o criei de pequeniño
E algunha lei m'há de ter.

Janiño d'a Rüa-Alta,
As nenas querente moito
Pórque tòcas bèn a flauta*

Antoniño, meu Anton,
Falar e rir, está bèn;
Poñerm'a man, eso non.

Nenas de Castro-Loureiro,

---

* Otros dicen: "Pórque lles toca-l-a gaita."

Dèijá pasa-l-as d'a Vella,
Con ferreñas e pandeiro.

Ésta vai por despedida;
N'a entrada, c'un caravel
É unha rosa, n'a salida.

XIII.

Dijo Alifons de Mourèlos,
Falando con Severina:
—"Còido que casar debemos
A nòsa Mari-Inamiña"
—"Virge d'a Fonte m'acolla.
¡Casar eu à miña filla,
Unha pròbe rapazòla
De non quinz'anos aïnda!
Ti, Alifons tè-l-o diaño,
Un dach'ideas catívas.

¿Ensách'en que, se a casamos,
Mal regiremo-l-a vida?"
—"Fuje pr'alá, muller, fuje;
Casemos en tempo à filla,
Que sobrará quièn ajude
Ò hòme que tèn fariña.
Todas, mentras non casádes,
Sódes amor, mèl, sourrisas;
Pero, dempois, ums vinagres
È, se cadra, unhas arpías.
Dèijame; non haja enfado.
Casarei à rapaciña
È largo d'a casa, largo
A filla, desqu'enmarida."
—"Mari-Juana, Mari-Juana,
Viacó, Mari-Juanina."
—"Ñamadre, ¿qu'è o que me manda?"
—"Vonch'o á decer, miña filla.
Quère teu pai que te cases;
Doull'agora esa manía!"
—"È, ¿porqué non, ai, ñamadre,

Se vosté nada m'estima?"
—"¡Ou, filla de maldicion,
Soleta desgradecida!
E ¿con que disquisicion
Ti á un rapás t'unirías
Que non tèn rego de tèrra,
Ò traballo non s'arrima,
Mata a mosca sobr'a perna,
Joga ò Parar e à Birisca?"
Alifons, qu'esto escoitaba,
Dijo moito á Severina:
—"Case me tira-l-a gana
De qu'él leve á nòsa filla."
E aquèla, sin contestarlle:
—"Viacó, Mari-Juaniña.
¿Andas pr'atrás, ou pr'adiante?
¿Qué fijèch'en todo o dia?"
—"Cale, que ja fun ò muiño
E cerrei a cancèliña,
Vin por casa de meu tio,
Pra o monte c'o gando iba...

E ¿di que folgando como?"
"Non còmes, non, miña filla.
Traballas mais qu'o raposo,
Cando as galiñas avisca."
"¡Uhuruhú!, miña sògra.
¡Uhuruhú!, ñamadriña;
Contos que me trai agora.
Gárde-os, se quèr n'unha vincha"
Doulle c'o rabo d'a ròca,
Ò ver qu'ensoberbecida,
Tomára en sèrio unha mofa
E as barbas se lle subira.
"¡Ah! de Dios! Meu pai, acuda;
Acuda tamèn, ña tia,
Que matanm'aqui á tundas,
Gritoulles Mari-Juaniña"
Entrou o pai po-l-a pòrta,
Òs laídos d'a sua filla,
E di con garbo: "Òla, òla.
¿Qué pasa aqui, Severina?"
"Co-a ròca, que n'a man teño,

Zorreguei-ll'unha miguiña,
Pois manda el Señor e quēro
Qu'á sua nai esté sumisa."
—"¿Porqué, di, lle zorregáche?"
—"Por mal-falada, estrevida,
Qu'o que desea è casarse
È j'atruja co-a alegría."
—"Padriños estan buscados;
Busquēi-n-os eu, Severina,
È falta solo avisa-l-os
De qu'a boda se realiza"
—"Bíca-os alá entr'as nádegas.
Èstolo; n'o parecías;
Prò juro às còrdas d'as fabas
Qu'háche de pesar ajiña"
Chega o escribano à momento,
A pruma remolla en tinta
È dice: —"¿Qué dás, Mourēlos,
Qué dás á Mari-Juaniña?"
—"Unha cùcha e dous ranchiños
De catro qu'a cùcha cría:

Saben-o bèn os-veciños
E que non conto mentira:
Item mais, doce cordeiros,
Con seis cabirtos enriba,
Ganados en acarreios
De saíl con gran fatica."
"E ti, Sevèra Pampin,
¿Qué dònas à rapariga?"
"Unha còfia de clarin
E o justillo qu'eu lucía,
Pois outras cousas, qu'omito,
Non son pra donar à indina,
Que sèmpr'anduvo comigo
Coma o cadélo co-a micha"
. . . . . .
"Ña nai e paiciño, adios."
"Adios, mazan desabrida,
Engendro d'ese mangon
De pai que non te castiga"

XIV.*

Èra hòme e non era
Andaba n'a arada,
Con bois, un de barro
E outro, de palla.
Veu por ali Guiche,
Non veu nin migalla
E sí'oll' alegre
Con moita soflama:
"Teu pai está morto;
Tua nai n'está nada."
Còlga èra non era
Os bois n'a aguillada
E, o jugo á pacer
Botando n'a arada,
Fòi d'alá pr'aqui,
Sin ver que n'andaba.
Atopou un burro
Montado en albarda;
Dentro d'as alforjas

* Publicada en el nº 13 de El Eco de Galicia que salió á luz en la Habana, año 1882.

O siño levaba
N'a cabaza, o pan.
Zapatos d' Holanda
O burro lucía
E camisa blanca,
Non sèi se de coiro
D'ovella, ou de cabra.
Fòi d'alá pr'aquí,
Sin ver que n'andaba.
Atopou un fato
De colmèas bravas
Que perden de conta,
O ver qu'eran tantas.
Falou co-as abellas
E, pòsto á conta-l-as,
Unha solazmentes
Anotou de falta
Fòis'en busca d'èla,
Sin ver que n'andaba.
Atopou siet' osos
En doce compañía

Á vòltas co-a abella
Que ja ll'apillàran.
Fòis'e escorrentou-n-os,
Sin ver que n'estaban,
É s'un jacotiño
Qu'aïnda deijáran
Sacou, esprimindo-o,
De mèl gran canada.
Catou unha pulga,
Por cèrto non flaca;
Tirou-ll'o pelejo
É a mèl ali garda,
Mais ingue, prà henche-l-o,
Bastas' outra tanta.
Ata-l-o quería;
Non tiña baraza
É, arrancando un pelo,
Yeu non lle chegaba.
Estonces foblon-n-o,
Con desconfianza,
É yeu que, sobrando,

Un carro de palla
Atarse podía
C'o qu'inda quedára.
Fòi d'alá pr'aqui,
Sin ver que n'andaba,
Perguntando á todos
Se razon lle daban
D'a tabèrna nova
D'a tia Alejandra.
" Parido está o hòme;
Vai èla n'a arada;
Barrendo a cociña
As cunchas, dis, qu'andan
È sobr'o cunqueiro
As gèstas deseansan.
Hermosura dános,
Hermosura e gràcia
È ò punto o sombreiro
A ti che se saca. "

XV. *

Estando con las ovejas
En el monte, al sol rayar,
Niña de pocos abriles,
Pues iba doce á contar,
Tropezóla allí al paso
Un mancebo militar,
Caballero de arma blanca
Que, en la niña al reparar,
Subitamente la dijo:
"Niña, ¿te quieres casar?"
"No, que tengo doce años
Y á quince quiero llegar."
"Cuando cumplido los hayas,
Trásme, niña, á buscar."
Recuerda el dicho, al cumplirlos;
Echa por la sierra á andar
Y en cada pueblo á que baja
Pregunta do es el hogar

* Publicada en el nº 12 de El Eco de Galicia que salió á luz en la Habana, año 1882.

Del caballero á quien busca.
Nadie la pudo enterar
Y triste quedó la niña
Casi á punto de llorar.
Mas, viendo cerca á una dama
Bajo un nogal asomar,
"Señora, dijo, señora,
Con V. yo quiero hablar."
"Habla pronto, ya te escucho."
"¿Habita en este lugar
De arma blanca un caballero?"
Y, sin mas, á contestar
Salió este de repente:
"¿Qué vienes, niña, á buscar,
Si, cuando te amaba yo,
Nó me quisiste tu amar
Y ahora casado estoy
Con reina de este lugar,
Tengo hijos como estrellas
Y en ti no puedo pensar?
Vete, pues, que yo daré

Paz á tí para marchar,
Dinero para el camino
Y caballo en que montar."
"No quiero tu paz yo, no,
Ni tu dinero aceptar,
Ni el caballo que me ofreces
Falta me hace para andar.
Solita crucé la sierra
Y volveréla á cruzar.....
Mas escucha, caballero,
Que á solas te pida hablar."
Apenas así se hablaron,
Se quisieron ya abrazar
Y la reina, que los vió,
A los dos mandó matar.
Matólos hermano suyo,
Matólos de par en par.
Ante el coro de la iglesia
Fueron á él á enterrar
Y á ella la sepultaron
Debajo del mismo altar.

De ella, salió una oliva,
De él, un rico nogar.
Cuando el aire los movía,
Dábanse casi á besar.
La reina, que esto observó,
Á los dos mandó cortar.
En el sitio de la oliva
Llegó una fuente á brotar,
Con letrero que decía:
"Aquí se pueden lavar
Cuantos de salud carezcan,
Que la salud hán de hallar."
Sintióse enferma la reina,
Quiso á la fuente tocar
Y entonces la fuente dijo:
"¿Qué vienes, reina, á buscar?
Cuando yo era doncella,
Tu me mandaste matar
Y, trasformada en oliva,
Tu me mandaste cortar:
Ahora que curo enfermos

¿A mí te vienes lavar...?
A todos daré salud;
Jamas la sabré negar;
Pero á ti te hé de batir
Como las aguas del mar."

XVI.

Mosqueiriña e sua nai.

"Mosqueiriña nivsa,
Casa, miña filla,
C'un zapateiriño
Que che gane a vida"
"Zapateiro non,
Porque fai a bota"
"C'un soldado lógo,
Se che gusta a tropa"

"Con soldado non,
Que se cèn't'um sólve"
"¿C'un estudiantiño
Que moi ponco cõme?"
"Estudiante non
Qu'inda non tèn cróa!"
"Aceiteiro estonces
Qu'inte bèn a bróa!"
"Aceiteiro non,
Que maneja o embudo;
Arreeiro si;
Pra qu'arree o burro."

XVII.

Fragmento.

Aldéa d'o campo,
Aldéa d'a vila;

Pascáte Mendes
De noite e de dia.
Morreull'a muller;
Levou-n-a á enterrar
E dijoll' ó cura
Volvía á casar.
Extrañous' o crego
D'o seu desenfado
E asi contestoulle:
" Home, agarda un ano."
" Señor, non lle pódo,
Que non teño geito;
Non lle durmo solo,
Que n'estou afeito "
" Dous señan estonces
Acá as monicios,
Que ch'as hei de ler
D'o enterro ás funcios...
. . . . . "
Marchouse correndo
Dereito á Fonfría

Á ver cèrta moza
Que ja conocía.
Entrou por un curro
E naide ali tivo
Que man lle botase
À besta, ou ò estribo.
Sigueu hastra a casa
E, dando en petar,
Veu tras d'a vidreira
Un rosto asomar.
A vidreira abreuse
E dijo unha dama:
"¿Qué busca V., hòme,
Qu'aqui tanto chama?"
Responde a crïada,
Con moito pracer:
"Èll'un meu cortejo
Que me vèn á ver"
"Ogallá que sea
Pra ti millorar,
Pois á min sirventas

Non m'han de faltar."
Entrou e á ligo
Fujeu coma un corzo,
Non pra a süa casa,
E si pra a d'o Porto.
E ali a Peneda,
A nai d'a criada
Esperama, ò que o vé;
Con grand'algazara:
"¡Ai! gracias á Dios
Que ven o meu genro.
E a miña Maruja
¿Qué queda facendo?"
"Alá me fun eu;
Non perdín o tempo,
Que traygo o sen si
E veño contento"
Ponseu a capiña;
Collen o capòte
E dijo: "Fagamos
O papel d'a dote"

E saeu Felipe,
Botando-a d'agudo:
"Dareiche pouquecho,
Pórqu'eres vïudo"
Pousou o capòte
E, pòsto o sombreiro,
Reprica: "Vïudo
E mais vinculeiro.
E o touporroutou
D'a nai d'a crïada,
Ò qu'esto ll'escoita,
De nòvo ali excrama:
"¡Ai! gracias á Dios;
Habrá casamento.
Dous e tres son cinco
D'acompañamento..."

Aquèlas Penedas,
Pïores qu'o diabro,
Se tèrra inda tiñan,
Non valía ichavo.

XVIII.

Outro.

"Veréimos, Cupin,
Como te peneiras,
Dóis que vás casar
Co-a d'as Carballeiras
Êla, por ser féa,
Non te deijará
É qu'está solteira
Hai bèn tempo já."
Ô primeiro embiste
Fói-n-a ver á sòas;
Êla convidou-n-o
A comer filhôas.
"Quèn vaya contigo
Non há de faltar;
Mais non sea qu'ontros
Ch'a queiran pescar."
Veus'a noite vindo;

Botoull' un atrujo;
Èla, conocendo-o,
Á cantar se puxo.
Entrou él n'a casa;
Doull' as böas noites
E dijo èla: "Quèro
Novedás me contes."
"¡Magoado de min!
Triste, ¿que farei,
Se bèn sei que teño
Cinco pès de Rei?
Polegada e media
Non m' há de faltar."
"E ¿como fijèche,
Di, pra t'escapar?"
"Maña ch'hai pra iso
E pra moito mais;
Fúnme caladiño,
Lonje d'os currás.
Naide che me víu
Sair d'o lugar,

Anqu' algús m' ajejan
Ora m' afiliar "
Os que co-él bebian
Dijeron sentados:
"¡Vaya un quinto bó
De cincuenta anos!"
Tant'o anojaron
Que, por non ser quinto,
Tres, ou cátro, fallos
Saltou él d'un brinco.
Pasáronse n'isto
Mais de sias horas:
Acabous'o viño,
Tamèn as fillôas.

"Muller, faim'a cama
Que me von deitar."
"Farei, qu'è ja horas
De nos retirar."
Po-la mañanciña
Erguense Cupin'

É dijo ela estonces:
"¡Magoada de min!
Agora ti vaste,
Ti vaste bẽn cedo
É que ch' ofrecer
Eu cousa non teño;
Pró iste pantrigo
Que poiden gardar,
Se me quès dar guito,
Há-l-o d' acetar
É mais ch' aseguro
Que, d'ir po-l-o Sisto,
San Pedro me lẽve
Se' pasas con isto"

XIX.

Contr'o raposo.

Arrapa, raposo,
N'a cima d'o tojo,
Non mate-l-a añas
De Pedro Castaña,
Que vai n'a ribeira
Busca-l-a manteiga
E un ponco de mèl
Pra dar à muller
Que deija parida
N'a pòrta d'a vila,
C'un fillo varon
E outro ladron.
Batelle, batelle,
N'o cu cun tizon.

XX.

Duracion d'a pulga e outros animales.

Unha pulga dura un ano,
Tres pulgas a seve e o galo,
Tres galos o can,
Tres cans o cabalo,
Tres cabalos o hòme,
Tres hòmes o còrvo
Tres còrvos o cervo e o miñoto.

Nôvas cántigas.

I.

Non hai hôme como Dios,
Nin muller como María,
Nin amor com'o siñeiro,
Nin claridá com'o dia.

Á Castilla van os hômes,
A Castilla, por ganar,
E Castilla acá lles gneda,
S'eles saben traballar.

Moza bonita n'o mundo
Ningunha habia d'haber;
Pórque, cal pera madura,
Todo-l-a gnèren colher.

Por cantar e star alegre,

Nunca se perdeu ningun:
Pèrdese por marmurar
A vida de cada un.

Con gente que nun conozas
Non gastes moita baralla;
Porque, se a gastas, será
Qu'algo de juicio che marra.

Pontevedra, böa vila,
Da de beber á quèn pasa.
A fonte, n'a Pelegrina
E San Bertolo, n'a praza.

Unha vólta po-l-o medio,
Outra po-l-o derredor,
Asi fai o que bèn baila,
Asi fai o bailador.

I I

Quipen facer un cigarro,
Por non perde-l-a costume,
E arroparei que non tiña
Tabaco, papel, nin lume.

Toda moza qu'è panòta,
Pòn n'o seü moito rizo
E trai saya sobre saya,
Pra face-l-o cu postizo.

Custureira non a quèro,
Tecelana non m'a dan;
A filla d'un labrador
Téño-a ja coma n'a man.

Rio tinto, riu tintu,
Riu de moitas colores.
Cand'o riu lèva tantas
¿Qué faràn os meus amores?

Adios campía d'a Vila;
As còstas che you virando.
A miña marcha hoj'è cèrta;
A vòlta, sabe Dios cando.

Toda a miña vida andei
Aire vendendo n'um fòl.
Ahora que ja son vèllo,
Gaiteiro, dèitat'ò sòl.

III.

Todo-l-os pastres d'ahora
Tan a roupiña ò pintar.
S'eu fose muller d'um pastre,
Guapa ch'había d'andar.

Dicen qu'estou tan gordiña
Que non me fai o refaijo:
Ja me fará, cando prouse

Os dous que trago debaijo.

Pajariño jorriõn,
Non me coma-l-as cereijas,
Que vai o meu amo fõra
E hácheme de da-l-as queijas.

Miña nai tẽn unto vello
D'o pòrco qu'ha de matar
E berzas tamẽn n'a hòrta.
D'as còles qu'ha de prantar.

Teño unha galiña chũca
E hám'a de come-l-o cneo.
Pega tres vòltas n'o aire.
Tòcall'o pito, Farruco.

IV.

Marujiña, dònch'os ollos;

Bézall'á Santa Lucía
Que ch'os cerre po-la mita
E ch'os abra po-l-o día.

Se che Jan pedire anga,
Bebe e dall'a ti, Maruja;
Porque dous que se bên quièren
Bêben po-la misma cunca.

Non te cases con ferreiro,
Que che saltan as mujicas:
Cásate con carpinteiro,
Que che fai hucha bonitas.

Teño catarro n'os ollos,
Mal d'amores n'as orellas.
Cando te vexo, meniña,
Férvem'a sangre n'as veas.

Teño tres cartos e medio
Metidos n'un agulleiro.
Casa comigo, rapaza,

Que teño moito diñeiro.

V.

„ Non póña-lo pè n'o meu,
Nin a man n'a miña saya,
Qu'anque son moza solteira,
Espero de ser casada.

„ Se quères tratar comigo,
Lávate d'arriba abaijo,
Qu'as moniñas d'esta tèrra
Non son lòrda de refaijo.

„ Non quèro gastes tabaco,
Nin tampouco bebas viño,
Non quèro fales con outro
E si tan solo comigo.

„ Cada ves que n'o tinteiro

Molle a pluma, pra'scribirche,
Penso se m'enganarías,
Meu corazon ò abrirche.

S'eu flojéo e ti flojéas,
Nunc'á amárnos chegarémos.
Aprèta ti, s'eu aflojo,
E verás como corrémos.

As tellas d'o teu tellado
Botan a auga ò rivès.
Cumple con outros amores,
Comigo cumplido tès.

Chamácheme pera-fóle,
Pera-fóle n'hei de ser.
Anque caya de madura,
Non hás ti de me comer.

Nõvos refrans, proverbios e decires.

A alforja d'o pòbre con todo pùde.
A anga todo laya, senon a mala fada.
A bondá destrõi a autoridá.
A cabra tira ò monte
A dama ò desdèn ò galan parece bèn.
Amiguiños seamos e de nùso teñamos.
A mòita manualidá è causa de menosprecio.
Anada à carreira non se pilla.
Arnois, ou antes, ou dempois (aludiendo á las campanas de esta parroquia que tocan á mediodía antes, ó despues de las doce.)
As cerdeiras e os ladrós, angne se prendan, non son bós.
Auga d'outono mata á sen dono.

Beber sin cumer è cegar e non ver.
Bèn sabe o dèmo á quièn percura e a bosta á quièn derruba.

Bôi vezado vôlve ô prado.

Cada pôbre entêrra á seu pai como pôde
Cada un pra si vale por dous.
Cal n'as uñas, cal n'os pês, has de tirar á quên ês.
Cand'o ano entráre en domingo, vende os boiciños e mêrca milliño.
Cand'o diñeiro fala, todos calan.
Cando n'o castiñeiro vires candea, lêva ô carneiro a ovella.
Cando non fai vento, non fai mal tempo.
Carga larga, man n'a illarga. Ô cabo d'o ano, nin besta, nin carga.
Comíchem' a carne, róem' os hôsos.
Compra que vendas.
Corazon fôrte á seu dono lêva à môrte.
Chegar e hencher non pôde ser.

Despois de tocar á aleluya, o que teña fame que a sacuda.

D'o qu'è tonto e nun sabe teña Dios piedade.
Dime a mala veciña o qu'a nève febreiriña.

En cama molida nun se gobèrna a vida.
En janeiro pon o alleiro.

Fame qu'espera fartura n'è fame.
Fòl sobado mais farina lèva.

Ganso blanco, nin n'o pasto, nin n'o banco.
Gardar que comer e nun que facer.
Grau, debaijo d'o terron, grau mòrto e, debaijo d'a pèdra, tòrto.

Hasta que t'acabes nun te gabes.
Hasta sète tira Pèpe. De sète para riba, tira, Pèpe, tira.
Hòme qu'ò levantarse, di òpa e, ò sentarse, ¡ai!, nun sirve pra filla de meu pai.

Labradores nòvos, mal po-los comareiros.

Madeira serrada, plata labrada.
Mais moscas junta entena de mèl que ola de vinagre.
Mal d'o mayo que non trai o bòi ò prado.
Mália ò rato que non sabe mais d'un burato.
Mal sono dòrme quèn veneno còlle.
Misa nòva, crègo vèllo.
Moscatel non vai ò pichel.

N'a casa d'o rico que fai mala vida, puntada larga e acabar ajiña. N'a casa d'o pobre que da d'o que tèn, puntada corta e asegurar bèn.
N'a hucha abèrta o justo pèca.
N'a miña tèrra, meu haber m'honra; n'a tèrra de fòra, a roupa m'abona.
N'hai pior duro qu'o desnudo.
Nèna que de si non tòrna, è pòrta sin taravelo.
Nèno d'á ano, vara de pano.

Nève febreiriña, pica-a a galiña

Nin po-l-o bo tempo t'agaches, nin po-l-o malo te mates.

Non saben o que pèrden os que non saben de nòs.

Non sèmpre o alcacèn está pra gaitas.

Non todo o que relòce è ouro

O can de Tan torrado canto fai co-a man desfai c'o rabo.

Ò criado malmandado, poñe-l-a mesa e manda-l-o á algun recado.

O hòvo e a avelan conforme vèñen van

O invèrno còme e non cria.

O mal d'o pai c'o fillo vai.

O mentir n'è hablidá.

Onde cabe un carro cargado, bèn cabe un hòme á seu cabo.

Ond'él non tire viño, escusan d'ir outros por auga.

Onde n'hai fariña, nin relon, todos falan sin razon.

Onde n'hai malicia, n'hai pecado.

Onde vai a jonce vaya o mango.

Ond'un há d'ir n'há de mentir

O pajáro d'a debesa un o ajeja e outro o pesca.

O papel vèje todo.

O qu'agarda po-l-o que vèn de fòra, agarda po-l-o que vèn tarde e sin hòra.

O que de mozo non tolea, de vèllo, pèrde a cabeza.

O que n'è hòme n'a tèrra, n'è hòme n'a guerra.

O que n'este mundo fai mofa, n'o outro foza.

O que n'este mundo fai risa, n'o outro tòca a chifra.

O que non garda non tèn.

O que non sucède n'un ano sucède n'un día.

O que non tèn senon unha sorte lla non sabe en que dedo a poña.

O que poda por marzo vendíma n'o

regaro.

O que gueira comer patacas en San Juan bóte-as cand' ò pan.

O que quipère tomar venganza de seu veciño, póñall' a vida en siñeiro e'n pan cocido.

O que tèn besta e anda á pè mais besta él è.

O que tèn fillos non resenta de cheo.

Os rapaces non son hòmes.

O tempo fai cullères.

O traballo non mata, pero amata.

O viño è a sangre d'os vèllos.

O viño fai ò vèllo mociño.

"Palabra", déjoll'o lobo à cabra.

Palabra e pèdra solta non tèn vòlta.

Palabra por decir non tèn chata.

Pallas mòrtas n'alumean.

Pan d'hoje, carne d'onte e viño d'anta no manteñen ò hòme sano.

Pobre d'o pobre, que todo o mundo o mòle.

Pola sona búscas'a persona.

Predícame, frade. Por unha orella m'entra e por outra me sale.

Prenda de gallego diñeiro y ale.

Primeiro cai un mintiroso ginc un cojo.

Quèn à súa filla quiper casar, dell'o cèntos-follas á lavar.

Quèn erra e s'emenda á Dèus s'encomenda.

Quèn mal decrúa n'a arrenda o súa.

Quèn non tèn rabo de palla non tèn medo à lume.

Quèn òs pájaros recea millo mundo non semea.

Quèn padeza d'as moas gu'acuda à dentura.

Quèn gnère á Beltran, gnère ò seu can.

Quèn ronba á un ladron gana cèn anos de perdon.

Roupa lavada po-l-o sól agarda.

Sabe un á onde chegou e non sabe á onde
chegará.
Sardiña qu'o gatu lêva aquêla gandida vai.
Se quières ter bo viño, engerta de boa cepa.

Tendo saliu e comendo bèn, o traballar,
non mata á ninguèn.
Têrra que da o cardo, pra min a gar-
do; a que da o espiñu, pra men veciño.
Torcer pra dentru, andar de tronco. Tor-
cer pra fóra, andar que namôra.
Traballar sin regla è morrer sin fè.

Unhas e outras botan o crègo de pontas.
Uns èrguen a casa e outro-l-a matan.

Vale mais solteiru que mal casado.

Orcupacions populares.

Nada se venda ò fiado hasta despois de vendido algo ò contado.

Millo sementado n'a semana d'o escorpion * (Grillo-Talpa vulgaris) morre todu, ou a mayor parte **

Ningunha madeira se corte en dia de erre, porque s'hènche de vèrmes. A de salgueiro córtese n'a forza d'a lua e a de carballo n'o menguante, pra qu'a nova nà dre dereita.

N'a forza d'a lua non poñer hòrta, nin patacas; porque, de po-las, agnèla espiga antes de tempo, val ponco, e estas vòlvense todas folla.

Fabas sementadas n'a semana d'a Ascension, nacen sin orellas.

---

* Ó de San Jorge, cuya festividad cae siempre el 23 de abril.

** Sin duda porque el grillo le anda en la vaina.

Nadie preste, nin regale semente de pranta algunha sin antes sementar d'a misma pra si.

Poesías d'o autor.

Rosa e Sabèla (1)

Sentadas n'un comareiro,
Ò pè de cèrta fontèla;
Estaban Rosa e Sabèla,
Mozas d'unha misma edá;
Garridas ambas á diias,
Fresquiñas coma pöejos
E, falando de cortejos,
Dí Rosa, con suavidá:

—"A propósito, muller;
Contase que non formal
Dèch'á Fuco d'o Casal
Que bèbe os aires por ti"

---

(1) Publicada en el nº. 69 de El Eco de Galicia que se lió en la Habana, año 1883.

– "Contos d'a feira, bobadas
De gente sin descrecion:
¡Había de sarll'o non
Antes d'él pedirm'o si!"

1833

Nai e filla (1)

—"Ja qu'est'ano hai milliñu,
Hei d'ir, ñamadre,
A Gundian e ós Dolores,
Cadre o que cadre.
En tempo o falo,
Pois traballar decote
Non è regalo."

—"Non, e dia virá
De complacerte;
Prò antes con ten pai
Terás que verte.
El è o que manda.
Fálall'o e apöarei

---

(1) Publicada en el nº 74 de El Eco de Galicia que saliú en la Habana, año 1883.

A tua demanda"

"Nena fun coma ti:
Rüei mòi bèn
E às romajes irás,
S'eu vou tamèn
Fálall'o lògo,
Que mal será desaire
Humilde rogo."

— "Falarll'o eu, ñamadriña
È coma nada;
Vòs, tal cual; vòs, que sodes
Mullèr casada.
Dígovos esto,
Pra que seipás poñerlle
Ariño ò cesto."

— "Entendo o que pertèndes;
Non digas mais;
Farei como adòitan
Face-l-as nais,

Qu'às maravillas
Alcagotan, se pōden,
Gustos d'as fillas."

Reu, satisfeita, a moza;
Calous' o asunto
E, todos traballando
Sin perder punto,
A nai María
Esto dijo ò seu home
Un cèrto dia:

—"Anton, meu caro Anton,
Yelliños yamos
E parécem' aïnda
Qu'onte casamos;
Prò o tempo fòje
E tèn ja Carmeliña
Quinz'anos hoje."

"Mira, mira que guapa
Se yai poñendo.

Eu sei que mozos ricos
Ll'o andan decendo.
Algo merece
E justo è qu'á rüar
Carmela empèce."

— "¿Qué dis, qué dís, María,
Se n'hai cartúcos
E apreméa o menistro
Po-l-os trabúcos!"
— "Dou Dios grauciños:
Venderei n'os mercados
Uns ferradiños."

— "O millo, si; o millo
Ja'stá embargado,
Pórque, se nòs comemos,
Non còme o Estado
E millor fora
Traballas'él as leiras,
Visto o d'agora."

—"Estonces, men amigo,
Men caro Anton
¿Pedir, morrer de fame,
Ou ser ladron?"
—"¿Qué quès? É cousa
Fra o labrador meterse
Baijo unha lousa."

—"De modo que ja'st'ano
¿Adios roupiña
E romarías todas
D'acá d'a Ulliña?"
—"Búscalle traza"
—"E mais hai que buscar lla.
¡Pobre rapaza!"

Falaron nai e filla,
Non sin chorar
E, pòstas unha e outra
A majinar,
Dicen: "Vendamos
De todo un poucochiño

Casi riïamos"

Venderon, pois, cebolo,
Leitugas, còles
Zreijas, guindas, fatons,
Mil abruñòles,
Estopa e fío
Que mais Anton guipèra
Levára o río.

Co-esto e c'o qu' ajuntaron
D'outras mindencias
Qu'en sisar non reparan
Anchas concencias,
Campon Carmela
E foi às romarías.
¡Quedáras' èla!

1883.

Epígramas.

I

Confesándose Manuèla
De que, sempre que cadraba,
Ò rapaces estrizaba,
Pra que loitasen con èla,
Díjoll'o crego: "—¡Ah! Huir
De ese pecado mortal"
"—Señor, n'o fago por mal,
Senon por m'adisirtir."

II

Un arreeiro acusóuse
De qu'anga ò viño botaba
È, como n'esto roubaba,
Sin ansolucion quedóuse.

Enteirado un seu compadre,
Exclamou: —"Ah! burriquin.
Verás, verás, com'á min
M'ansòlve ahura ese padre".
Fòis'alá mòi de repente;
Ds pès se ll'arrodillou
E, cand'ò caso chegou,
Dijo asi o penitente:
"Eu d'anga son portador
Que, pra ganar un cartiño,
Bautizo-a sèmpre con viño"
E ansolveu-n-o o confesor.

III

Lavándos'en cèrta presa
Unha moza de mañan,
Ajejou-n-a un perillan
E dijo lògo: —"Faresa,
Bute, un non chegas à misa"
—"Non che cuidei qu'ajejabas"
—"Nin eu ser que te limpabas

Ind'à faldra d'a camisa."

IV.

Andaba Rōque d'Eirín
En cèrta casa ò jornal
E, vendo que D.n Artal
Plantas raras de jardin
Metía n' un invernáculo,
Díjoll' ò señor así:
"¡Coidado qu'ordena ahí
Un hermoso tabernáculo!"

V.

A relacion preparando
D'a riqueza qu'eu posía,
Ven junt' á min unha tía
E dime, chormiquëando:
"Eu d'esto non sei un taco;
Vosté, señor, è prumista;
Fágame, pois, a cadista

Que dis que pide o Macaco."

VI.

Dijo patron labrador
N'a casa de Jan Montaña:
—"Eu non sei quèn nos amaña,
Que vamos de mal en pior"
E respondeu un muchacho,
Que ja d'a escòla saira
E a Prima tamèn oira:
—"Sába-mo todos, Camacho"

VII.

Preguntou un d'á cabalo
Á outro qu'iba d'á pè:
—"O seu oficio ¿cal è?,
Sin que ll'ofenda o que falo."
—"Páral'a besta, se o digo."
—"Qu'há de parar!"—"Ja o verá"
—"A'spèra ll'impidirá

Que tal suceda comigo."
—"Repito qu'há de parar."
Era o sugèto um pillastre
E, apenas lle dijo "p..... astre",
Parou a besta á orinar.

VIII.

Díjoll'a leguiña Anceo
D'o seu convento ò vicario:
—"Padre, ¿no es muy ordinario
Esto de **Domino meo**?"
—"¡Ca! Nunca lo oí decir"
—"Pues yo creía mas fino
Dominus Domino orino"
E o padre botous'á rir.

Unha noite.

D'ochent'e cinco, último anterior ano,
Cèrta noite de vran,
A noite de San Anton padüano,
Ou trece de San Joan,
Usada palmatoria alumeándome,
Dempois ja de cëar,
Iba cara ò meu cuarto retirándome,
Er'ajiña me deitar.
Fresquiño hachei o cuarto, gn'a ventana
Ll'abrira ò escurecer,
E, en lugar de choil-a, doumi'a gana
D'o fresco alí coller;
Pois, crara a noite aquèla e amorosa,
N'a alma esparejía
Comparacencia, direi, melanconiosa,
Tristeza e alegría;
Docísimas, cicais, pórque d'estrèlas
Cubèrto estaba o cèo,
Arbres mil dibujaban as orèlas

D'o Vlla, estou seréo,
E ouía n'as suas augas cristaliñas
Crotorëa-l-as rás
Cantar pra si, n'o monte, as laberguiñas.
N'o agro, o paspallás,
Encantos majestosos que nº amostran
Treatos e pobracións,
Onde poucos, moi poucos, aí' demostran
Creer qu' eisiste Dios.
Marmurei o Despiértenme las aves
De Fr. Luis de Leon,
Vida del campo que mäestros graves
Citan con fruicion.
Lógo escontr' ò azulado firmamento
Os ollos ederguín
E, estantío, alí en Dios c'o pensamento,
A Dios eu bendecín.
Despedinm'en seguida d'o val todo,
Sin nad' atrás deijar,
E, a ventana hastra-nin traguendo á modo,
Cerrei, pra me deitar.

1886

Epigramas.

I

Unha tarde en qu'eu sentía
Moita sede e gran calor,
Déjen á certo doutor:
—"Quéro, amigo, unha sangría."
Vin qu'a lanceta sacaba
E añadín, casi asustado:
—"Gárdea, gárdea, de contado,
Qu'eu d'esa non lle falaba."

II

Apeándos'en Santiago
Un señor qu'iba d'a aldea,
Cabaleiro en besta alléa,

Sin dar ò espoliqu' un trago,
Díjolle mòito: — "García,
Pardiéz que anduvimos bièn"
— "Si, contestou Garci-Alèn,
Si; eu y a caballería"

III

Falábase n'un adral
De cèrto cura modèlo
E dijo Manuel Rïèlo,
Ò parecer, mòi formal:
— "Misa n'a alba d'o día
Y, anque ja è algo andado,
Explica o texto sagrado,
Prò con mòita filofía"*

IV.

Chamando miña atencion
N'un palacio nobiliario

* Filosofía.

Lindo enjaulado canario,
Díjen á Presentacion:
—"Este, atendido el color,
Mestizo debe de ser."
È contestou a muller:
—"Místico llè si señor."

V.

Dijo Simplicio á Bëita,
Estando n'unha rüada:
—"Dam'esa rosa encarnada
Que lèvas n'a man dereita"
È a moza respondeu fèra:
—"No soñes, que no es pra ti,
Dempuès de dármela á mi
Un señorito en la herbèra."

VI.

En rëunion popular,
A todos atropellando,

Iba una dama buscando
Sitio, para bien estar.
—"N'asoballe; Vaya un Dios!,
Dijo ruda labradora,
Ou ¿non tèn, por ser señora,
Furado o cu coma nòs?"

VII

Co-a sua mullèr Angeliña
Cèrto gaiteiro enfadado,
Guindalle dend'o sobrado
Un bufete hastr'a cociña.
E, vendo que ll'iba às zancas,
Finge ò punto compasion
E dill'o gran pillastron:
—"Angéla, vei se te mancas"

VIII.

Pescando à cana n'un rio
Inteligente señor,

Oye qu'outro, labrador,
Lle fala así como frío:
—"Tarde pra sorte n'è esta,
Anque usté ja tirou algo.
¿Con que ceba?" E o fidalgo
Di: —"Eu, con moscas de besta"

IX.

Fallaba un sargento á un mozo
N'unha nosa capital
E, vendo se puña mal
Y agarrotaba o pescozo,
Dijo, apretándoll'as fíbulas
Y a barba co-a man tamen:
—Póngase en la talla bien:
Déjese V. de mandíbulas." (1)

X.

Preguntou unha muller

(1) Monerías, ó zorrerías.

A outra medio señora,
Siguèra esta pecadora
Cicáis non soupèse ler:
—"¿Trágolle pan d'o meu, fresco,
Ou tèn pra vosté fornada?"
—"Fráime", dí a interrogada;
"Fráimede, qu'hoy ya no cnesco"

II.

Presente cèrta mañan
Un hòme de todo cego
Int'un mèdico gallego,
Por mais señas Cobïan,
Dijo mòito:—"D.r Pepiño,
Deudas non lle son bonitas.
¿Que ll'adeuda por visitas
A casa d'o meu veciño?"
—"¿Veriasm'entrar ali?,"
Pregunta aquel se cachete.
—"Bueno, bueno. Non m'inquiete,
Que mèdia mha pobre aquí."

—"Por tanto e pórque m'agrada,
Com'á tì, favorecer,
Dí á'sa pobre mullér,
Dille que n'adèinda nada."

XII.

Cansado de pitirrar
un hòme co-a'sua mullèr
chegòull'un dia á decér:
—"Juro que t'hèi de matar."
—"Morta de fame me tès,
fó punto lle contestòny.
e po-l-o mundo me vòn,
ja que son trapò de pès."

Á Rosalía,

en nombre de los labriegos del Ulla, cuando la traslación de los restos de aquella eximia gallega desde Íria á Santiago.

Somos gente galiciana,
honrada gente d'a aldéa
onde cada un s'afana
pra que millo a tèrra déa

E süando á mais süar,
á pèciño e auga fría,
vimos sòilo por saudar
os restos de Rosalía.

Eses restos d'a qu'en vida,
galiciana coma nòs,
en bèn d'a patria querida,
alzón de còte sua vòs.

De côte, si, n'o mèigóso
dialento qu'èiquí usamos
os que, contentos c'o nòso,
alléo non cobizamos.

Seu corazon era almibre,
sabrosiño á todos gèitos
e seu donaire indecibre
pra desmiuzar nòsos fèitos.

Conosco choraba, ou ría,
conosco se solazaba,
nòsas peniñas sabía
e ¡como d'èlas falaba..!

Quèira, pois, Nòso Señor
que prémeo as sus hachásen
e alá d'os cèos n'o altor
os Ánjos a coroásen

Quèira — o Dios, cal supricamos,
ja de nòite, ja de día,

e hastra a grōria, se a logramos,
hastra a grōria, Rosalía.

Consello d'unha nai.

— Eu non sèi, ñamadriña, que me pasa
cand'un mozo comigo se chuléa.
Vos d'o mundo ja tedes esperència
e quèro me digás o que eso séa.
— Miña filla, decirch'o bèn quipèra,
prò pide o caso refrensión madura.
Dèixa dous ou tres anos mais pasar
e direich'o pra'stonces, se ch'apura.
Namentres, ré e fala con quèn quèiras,
sin que mozo ningun a man che poña,
pois solteiro qu'ô nòso senso tòca
sempre, sempre, filliña trai pezuña.
Esto dijo mullèr esprementada
á quèn nena, bèn nena, non sabía

d'a mocedá trouladas, nin maliciás,
en que mòitas s'empòrcan cada d'a.

Para orfeón.

Fin de romaría.

O bailotéo acabou,
meniñas, non vos marchés,
qu'eu para a casa non vóu,
s'aquí cantar vós querés.
Meniñas, volvede atrás;
eu tamèn quèro cantar
e, aingue non son ja rapás,
inda vos sèi atrujar.

¡Hu_hu_hui!

—¡Vivan as nenas d'a Vella,
nenas de mèigósas falas!
—¡Vivan!—Basta e, sin mais bulla,
cantémos dous alalálas

"Dícen qu'esta tèrra è nósa,
sabendo que n'è verdá;
pòis de todo canto rinde
n'è pra nós nin a mitá."
A-la-la-lá-la
A-la-la-lá.

"Fóxen d'o país as gentes,
pórqu'aquí todo è pagar,
e qnédas, ¡pròbe Galicia!,
sin brazos pra trabállar."
A-la-la-lá-la
A-la-la-la.

"Hoje rir, mañán chorar;
sempr'asi fòi e será;
todo, un día, há d'acabar

e despòis ja se verá "

A_la_la_lá_la.

A_la_la_lá.

"Felíce_l_os que se dèitan,
sin ánsias en' que pensar;
èrguense, pór que despèrtan'
e saben qu'han d'almorzar."

A_la_la_lá_la.

A_la_la_lá.

¡Hu_hu_hú!
¡Vivan as nenas d'a Vila,
nenas n'os bailes ja'scasas!
¡Vivan! — Basta e, sin mais bulla,
andando pr'as nòsas casas.

EX
FW
COM